UPDF
WWW.UPDF.COM

# INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA PARA A IDENTIFICACIÓN E EXHUMACIÓN DUNHA FOXA CON VÍTIMAS DA REPRESIÓN FRANQUISTA NO CEMITERIO DE SANTA MARÍA DE LUOU (TEO, A CORUÑA)

## PROXECTO DE INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA

**Data:** Setembro 2025

**Promotor:** Universidade de Santiago de Compostela:

**Arqueólogo director da intervención:** Sergio Sánchez García

**Redacción do proxecto arqueolóxico:** Sergio Sánchez García

**Expediente Tempos Arqueólogos:** T-25-222

Firmado por SANCHEZ GARCIA SERGIO - ***9923** el día 22/09/2025 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

UPDF
WWW.UPDF.COM



tempos arqueólogos

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. CIF B70608948
info@tempos.es www.tempos.es TemposArqueologos
677 164 635 650 337 454

Empresa inscrita no Rexistro Mercantil con número de protocolo 2020/58, asento 79, Diario 112, inscrición primeira de folla SC50498, folio 62, tomo 373, Sección Xeneral de Sociedades

D-U-N-S ® 469525121

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

# Contenido

1. Ficha técnica do proxecto ... 3
2. Abreviaturas e signos ... 4
3. Solicitude de autorización para a realización da intervención arqueolóxica ... 5
4. Introdución ... 6
5. Normativa aplicable ... 8
6. Contexto da investigación e antecedentes ... 17
7. Localización do ámbito de traballo ... 37
8. Contexto patrimonial ... 38
9. Formulación da intervención e obxectivos ... 46
10. Metodoloxía da intervención arqueolóxica ... 50
10.1. Estratexia de escavación ... 50
10.2. Rexistro da información ... 53
10.3. Fichas de rexistro ... 58
Fichas de rexistro das unidades estratigráficas ... 58
Fichas de rexistro das mostras que se recollan. ... 60
- Esqueleto do corpo enteiro ... 62
- Cranio – vista anterior e posterior. ... 63
- Cranio – vista lateral (esquerda – I - e dereita – D - ). ... 64
- Cranio – base e bóveda ... 65
10.4. Material arqueolóxico ... 66
11. Remisión de informes e memoria ... 67
12. Temporalidade da actuación e equipo arqueolóxico ... 68
13. Relación nominal do equipo que participa na intervención ... 70
14. Orzamento ... 71
15. Documentación anexa e certificados ... 72
16. Planimetría ... 84
17. Anexos ... 84

# 1. Ficha técnica do proxecto

| | |
|---|---|
| **Título do proxecto:** | Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa con vítimas da represión franquista no cemiterio de Santa María de Luou (Teo, A Coruña) |
| **Clasificación da actividade:** | Sondaxes arqueolóxicas |
| **Municipio:** | Teo |
| **Provincia:** | A Coruña |
| **Supervisión:** | Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude |
| **Promotor:** | Universidade de Santiago de Compostela |
| **Arqueólogo director:** | Sergio Sánchez García |
| **Arqueólogo redactor do proxecto:** | Sergio Sánchez García |
| **Empresa Arqueolóxica**: | TEMPOS ARQUEOÓLOGOS, S.L.<br>CIF B70608948<br>Tel. 650337454 – 677164635<br>info@tempos.es - www.tempos.es |

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

## 2. Abreviaturas e signos

| | |
|---|---|
| **a.C.** | Antes de Cristo |
| **d.C.** | Despois de Cristo |
| **Cal** | Calibrado |
| **BOE** | Boletín Oficial do Estado |
| **DOG** | Diario Oficial de Galicia |
| **BOPO** | Boletín Oficial da Provincia da Coruña |
| **BIC** | Ben de Interese Cultural |
| **DXPC** | Dirección Xeral do Patrimonio Cultural |
| **LPCG** | Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia |
| **LPHE** | Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español. |
| **DAAG** | Decreto 199/1997, de 10 de xullo polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. |
| **PXOM** | Plan Xeral de Ordenación Municipal |
| **PBA** | Plan básico autonómico |
| **m** | Metros |
| **ha** | Hectáreas |
| **m.s.n.m.** | Metros sobre o nivel do mar |
| **N** | Norte |
| **S** | Sur |
| **E** | Leste |
| **W** | Oeste |

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

## 3. Solicitude de autorización para a realización da intervención arqueolóxica

O abaixo asinante, Sergio Sánchez García, con DNI 44499236D e enderezo a efectos de notificación na Rúa Arquitecto Domingo A. de Andrade 12 baixo, 15704, Santiago de Compostela, A Coruña.

SOLICITA:

Autorización para a realización do proxecto denominado "Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa con vítimas da represión franquista no cemiterio de Santa María de Luou (Teo, A Coruña)

Documento asinado dixitalmente

Firmado por SANCHEZ GARCIA SERGIO - ***9923** el día 22/09/2025 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

**Servizo de Arqueoloxía**
**Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais**
**Dirección Xeral de Patrimonio Cultural**
**Edificio Administrativo San Caetano, Bloque 3–2º**
**15781 Santiago de Compostela**
**Tlf. 98 54 48 77**
**patrimonio.cultura@xunta.gal**

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

## 4. Introdución

Redáctase o presente proxecto de intervención arqueolóxica coa finalidade de obter a preceptiva autorización para a realización da intervención arqueolóxica consistente nunha sondaxe valorativas no interior do recinto do cemiterio de Santa María de Luou, concello de Teo(A Coruña), no marco da investigación que se está levando a cabo ao abeiro do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Depordes, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de actuacións de Memoria Democrática en Galicia en 2025.

O dito convenio ten como obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre os organismos sinalados para levar a cabo as tarefas de Memoria Democrática no exercicio 2025.

As actuacións da Memoria Democrática 2025 integra tres liñas estratéxicas fundamentais distribuídos para a atención dos seguintes fins:

- Localización, exhumación e identificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura (Liña 1).

- Divulgación de traballos efectuados e resultados conseguidos, e de dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria asociados aos mesmos (Liñas 2 e 3).

Liñas e espazos de actuación de Memoria Democrática 2025 en Galicia:

- Fosa de Luou (Teo). Trátase dunha fosa de 1948 con 4 persoas enterradas. A tipoloxía da fosa é: resistencia Antifranquista.

- Fosa de Asados {Rianxo). Trátase de realizar a exhumación da fosa situada no cemiterio de asados (Rianxo) onde estarían os corpos de dúas persoas.

- Fosa de Narón/Catabois. Tratase de realizar as análises antropolíxico-forenses e xenéticas a un dos restos da fosa de Santa María a Real de Narón, que están depositados nun nicho do cemiterio de Catabois. Esta persoa, é unha das 51

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

enterradas na fosa que foi exhumada clandestinamente en 1945 e trasladada a outro lugar.

- Fosa de Viana do Bolo. Trátase de memorializar o espazo onde estaba a fosa exhumada polo equipo do Plan de Memoria dunha persoa torturada e asasinada polos golpistas en agosto de 1936, na curva das Revendeitas. Posteriormente sería inhumada no cemiterio mais próximo, no Castro, na parroquia de Pexeiros.

- Fosa de A Capela. Trátase de memorializar o espazo onde estaba a fosa exhumada polo equipo do Plan de Memoria no cemiterio da Capela para localizar e identificar os restos das vítimas da violencia do golpe de Estado, da retagarda e da guerra civil de 1936. Hai constancia de que alí foron enterrados en agosto de 1936, varias persoas.

- Fosa de San Pedro de Filgueira (Crecente). Trátase de memorializar o espazo onde estaba a fosa exhumada polo equipo do Plan de Memoria no cemiterio de San Pedro de Filgueira (Crecente) onde foi enterrada unha persoa, asasinada na ponte de Castrelo de Miño o 25 de novembro de 1936.

- Fosa de Lousame. Trátase de memorializar o espazo onde estaba a fosa exhumada polo equipo do Plan de Memoria no cemiterio de Santa Eulalia de Vilacoba (Lousame), onde foron enterradas cinco persoas.

- Fosa de Ribeiras de Sor. Trátase de realizar a primeira fase do estudo da fosa de Ribeiras de Sor (Mañón), onde están enterradas 7 persoas.

## 5. Normativa aplicable

No ámbito da normativa internacional, ademais do recollido nas convencións e tratados relativos á actividade arqueolóxica propiamente dita, cómpre ter en conta que o Estado español ratificou no ano 2009 a Convención Internacional para a Protección de todas as Persoas contra as Desaparicións Forzosas de 2006.

Segundo o artigo 2 da Convención, enténdese por desaparición forzada "*o arresto, a detención, o secuestro ou calquera outra forma de privación de liberdade que sexan obra de axentes do Estado ou por persoas ou grupos de persoas que actúan coa autorización, o apoio ou a aquiescencia do Estado, seguida da negativa a recoñecer dita privación de liberdade ou do ocultamente da sorte ou o paradoiro da persoa desaparecida, subtraéndoa á protección da lei*".

A Convención non só establece a obrigación dos Estados de tipificar este tipo de delitos e castigalos conforme á súa gravidade, senón que sinala tamén o deber das administracións públicas de buscar, de oficio, ás persoas sometidas a desaparición forzada, así como esclarecer a sorte das mesmas. Do mesmo xeito, recoñece o dereito dos familiares e achegados a coñecer a verdade sobre o acontecido cos seus seres queridos. En consecuencia, o cumprimento das obrigacións – de investigación das denuncias e a localización dos corpos – deben ser tarefas asumidas pola autoridade e realizadas cos recursos necesarios e apropiados para ilo (art. 24).

Por outro lado, a Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia, por razóns políticas, ideolóxicas, ou de crenzas relixiosas, durante a Guerra Civil e a Ditadura, dispón no seu artigo 1 que o obxecto da norma é "*recoñecer e ampliar dereitos a favor dos que padeceron persecución ou violencia, por razóns políticas, ideolóxicas, ou de crenzas relixiosas, durante a Guerra Civil e a Ditadura, promover a súa reparación moral e a recuperación da súa memoria persoal e familiar, e adoptar medidas complementarias destinadas a suprimir elementos de división entre os cidadáns, todo ilo con fin de fomentar a cohesión e solidariedade entre as diversas xeracións de españois en torno aos principios, valores e liberdade constitucionais*".

Ademais, engádese que se pretende "*o fomento dos valores e principios democráticos, facilitando o coñecemento dos feitos e circunstancias acaecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura, e asegurando a preservación dos documentos relacionados con este período histórico e depositados en arquivos públicos*".

A lei obriga ás Administracións Públicas a facilitarlle, no marco das súas competencias, aos descendentes directos das vítimas que así o soliciten, as actividades de indagación, localización e identificación das persoas desaparecidas violentamente durante a Guerra Civil ou a represión política posterior e cuxo paradoiro se ignore (art. 11), para o cal as administracións Públicas competentes autorizarán as tarefas de prospección encamiñadas á localización de restos das vítimas de acordo coa normativa sobre patrimonio histórico e o protocolo de actuación (art. 13).

Este protocolo ao que se alude foi publicado no Boletín Oficial do Estado (BOE núm. 232, de 27 de setembro de 2011) por medio da Orde PRE/2568/2011, de 26 de setembro, logo do Acordo adoptado polo Consello de Ministros a tal efecto na súa reunión do día 23 de setembro do 2011.

O protocolo elaborouse coa finalidade de servir como guía metodolóxica e procedimental, coa finalidade de servir de referencia para os que desexan iniciar un proceso de busca, recuperación e identificación de persoas desaparecidas, naqueles casos nos que non exista un protocolo de actuación aprobado pola Comunidade Autónoma que corresponda.

Segundo o recollido no devandito protocolo[1], considérase que a apertura e exhumación dunha fosa común é unha tarefa interdisciplinar e que require a intervención de historiadores, arqueólogos e especialistas forenses.

A solicitude para a realización de traballos relativos á apertura e exhumación dunha fosa debe ser presentada, tal e como se sinala no protocolo de actuación, para que sexa aprobada pola Comunidade Autónoma correspondente e pola

[1] Recollese parte do contido do Protocolo coa finalidade de que sirva tamén como guía metodolóxica durante a execución dos traballos.

entidade local na que se atopen os restos, e debe ir acompañada dun proxecto no que, sempre que sexa posible se acrediten os seguintes extremos:

- Identificación do organismo, asociación ou particular que promove a actuación e razóns para ilo.
- Estudo documental previo sobre a localización da fosa e dos individuos que poden aparecer.
- Identificación do equipo técnico que procederá á exhumación, con identificacións dos responsables.
- Características esenciais do proxecto de intervención arqueolóxica e, no seu caso, da investigación forense a realizar.
- Calquera outro dato que sexa de interese para a avaliación e viabilidade do proxecto.

Una vez que a Administración autorice as actuacións contidas no proxecto, o procedemento constará das seguintes fases:

- Investigacións preliminares.
- Intervención arqueolóxica.
- Investigación forense dos restos humanos.
- Informe final.
- Destino final dos restos.

En canto á intervención arqueolóxica, o protocolo distingue tres apartados: informes e autorizacións, as actuacións propiamente ditas e o informe final.

En canto aos informes e autorizacións, os promotores da exhumación deben realizar as seguintes actuacións:

- Elaborar un informe previo sobre a localización e características da fosa.
- Elaborar un proxecto de intervención único que englobe, como primeira fase, a de prospección do entorno da fosa, para a súa localización exacta, e unha segunda fase de escavación, a non ser que o proxecto soamente contemple un dos aspectos, por pospoñer a segunda ou por estar a primeira xa realizada. O contido do proxecto será o seguinte:

    - Descrición dos traballos de arqueoloxía e planificación.

- Metodoloxía, no que deberá consignarse no caso da prospección a execución de tarefas de observación e/ou uso de métodos xeofísicos de teledetección. Tanto na prospección como na escavación, explicitarase a metodoloxía empregada no rexistro de datos e documentación, o tratamento e depósito dos materiais. Deberanse empregar as técnicas de prospección máis adecuadas, segundo o estándares de investigación admitidos internacionalmente.
- Medios humanos e materiais.
- Tempo de execución da intervención ou data de inicio dos traballos.
- Custo previsto da intervención.

- Solicitar os permisos e autorización correspondentes.
    - Permiso por escrito dos familiares dos falecidos ou dos seus representantes legais. No caso necesario, tanto a entidade local como a Comunidade Autónoma onde se localicen os restos deberán realizar publicacións en tablóns municipais, boletín provinciais ou autonómicos ou diarios de maior difusión. A oposición por parte de calquera dos familiares ou das entidades que os representan á exhumación deberá ser ponderada pola Comunidade Autónoma, á vista do cal, e tendo en conta os intereses dos familiares en primeiro termo, logo de darlle audiencia a estes interesados, decidirá a realización total, parcial ou a non realizacións dos traballos.
    - Acceso aos terreos: no caso de que se trate de terreos de titularidade pública, as autoridades competentes autorizarán, salvo causa xustificada de interese público, a ocupación temporal dos terreos. Si se trata de terreos de titularidade privada, deberase obter o consentimento dos titulares de dereitos afectados sobre os terreos nos que se atopen os restos. Se non se obtivese o dito consentimento, deberáselle comunicar á Administración competente para o inicio dos trámites para a ocupación temporal dos terreos. A ocupación temporal dos terreos terá a duración estritamente necesaria para a realización das tarefas de prospección e escavación e rexerase polo previsto na normativa aplicable en materia de expropiación forzosa. As

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

actuación reiniciaranse cando se resolva o expediente administrativo sobre ocupación dos terreos.

- Deberase solicitar autorización para realizar as tarefas de prospección, exhumación, e identificación á Administración titular dos terreos. Ademais deberase cumprir cos requisitos establecidos polas Comunidade Autónomas en canto a escavacións arqueolóxicas (obtención de permisos, rexistro de materiais, prazos, etc.). Tamén se necesita o correspondente permiso da entidade local onde de atopen os restos, nos casos en que resulten afectadas as competencias de execución que corresponden aos municipios ou outros entes locais (cemiterios e servizos funerarios, execución urbanística, obras ou outros servizos).
- Os achados poñeranse inmediatamente en coñecemento da entidade local correspondente, da Comunidade Autónoma, Policía ou Garda Civil, así como ao Xulgado de Instrución competente. Si se trata de terreos adscritos á Administración Xeral do Estado ou as súas entidades instrumentais, tamén de poñerá no seu coñecemento.

Xa no relativo as actuacións propiamente ditas, o protocolo especifica que os pasos a seguir son os seguintes:

- Planificación: dirección, identificación dos membros do equipo, distribución de tarefas, plan de escavación, material necesario. Respecto aos membros do equipo, e na medida en que así o requiran as necesidades de exhumación, articularase a participación de todos ou algún dos seguintes técnicos:
    - Arqueólogos: dirixirán a actuación dende o punto de vista da arqueoloxía. Sería preferible que tiveran experiencia na escavación de necrópoles.
    - Expertos en antropoloxía forense: realizarán a investigación *in situ* cando sexa necesaria e a vixilancia do traslado dos materiais.
    - Expertos en medicina forense: se a exhumación se realiza dentro dun cemiterio.

Por outra parte, o material necesario dependerá da localización da fosa, así como do número de persoas cuxa localización e exhumación se pretende. Débese dispor do equipo de escavación necesario segundo os estándares da investigación recoñecidos internacionalmente, sendo recomendable o uso de instrumentos pequenos como palustres, brochas, espátulas de madeira e instrumentos odontolóxicos. A utilización de medios mecánicos deberá ser excepcional e xustificada en cada caso.

- Documentación das tarefas realizadas. A título de exemplo, e como referencia, a documentación podería facerse en texto, debuxo, foto e vídeo. Debese fotografar a zona de traballo antes de iniciar as tarefas e despois de que conclúan. Así mesmo, elaborarase un "Diario" das actuacións, especificando os técnicos que interveñen, tempo de dedicación e as incidencias que se produzan.

  En tal sentido, débese documentar sobre o terreo calquera dato que axude na identificación dos restos, a recollida de calquera elemento asociado aos individuos (efectos persoais, restos de tecidos, etc.) ou aos feitos ocorridos (vainas e restos de munición, etc.).
- Escavación: aos procedementos de escavación asistirán, si así manifestaron o seu desexo, os familiares directos das vítimas. Son de aplicación ás intervencións arqueolóxicas as previsións do título V, relativas ao patrimonio arqueolóxico, da Lei 16/1985, de 25 de xullo, sobre o Patrimonio Histórico Español, así como as normas aprobadas sobre esa materia polas CCAA. Estes procedementos axustaranse aos estándares de investigación recoñecidos internacionalmente. A tal fin, estímase de especial importancia actuar tendo en conta as seguintes consideracións:
    - Débense ter en conta os fundamentos do procedemento de escavación en canto a referencias métricas, extracción ordenada, cribado de terras, toma de mostras, retirada de terras, observación dos perfiles de zanxa, protección do lugar, recolección de evidencias, observación do material *in situ*, tratamento dos restos, etc.
    - É fundamental o establecemento dun perímetro de seguridade, balizado e protexido para evitar o deterioro ou espolio dos restos, ao que só teña acceso o persoal autorizado. En todo caso débese poñer

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

especial coidado e meticulosidade na conservación e non deterioro dos materiais extraídos.

- En caso de localización de restos, comunicaráselle tanto á Comunidade Autónoma, como á entidade local, ao Xulgado de instrución competente, como á policía ou garda civil a entidade e características dos achados.

- Levantamento de restos: realizarase sempre coa participación de expertos en antropoloxía forense, garantindo a cadea de custodia a fin de reflexar todas as incidencias da mostra, dende que se realiza a toma ata que se destrúe ou devolve.
- Custodia dos restos e extracción de mostras: os expertos elixirán mostras que sexan significativas para proceder á identificación dos restos achados e que permitan un mellor análise para os fins deste protocolo. En canto ao resto dos achados, se non fora factible o seu traslado ao laboratorio que realice as análises, serán ou ben trasladados ao cemiterio do municipio, ou ben a aquel lugar que o Concello especifique, ou ben, manteranse debidamente protexidos e referenciados, no lugar do achado. A opción a elixir será a que apunten os expertos en antropoloxía, de acordo cos medios que ofreza o Concello ou a Comunidade Autónoma, e sempre tendo en conta a necesidade de identificación e preservación dos restos. En calquera caso, o traslado e a preservación realizaranse de acordo cos Regulamentos de Policía Sanitaria Mortuoria vixentes en cada Comunidade Autónoma, a normativa local que sexa de aplicación ao caso, ou a estatal, no suposto de que os restos se foran a trasladar a outro país.
- Traslado de mostras: deberanse reflexar e arquivar datos na toma de mostras, na conservación, no trasporte, na entrada ao laboratorio, durante o análise, e despois da análise. O informe, en todo caso, debe axustarse á Orde JUS/1291/2010, de 13 de maio, pola que se aproban as normas para a preparación e remisión de mostras obxecto de análise polo Instituto de Toxicoloxía e Ciencias Forenses (BOE de 19 maio de 2010), cando sexan remitidas a dito instituto. No resto dos caos poderán servir ditas normas de referencia para o análise das mostras, ao igual que as Recomendacións para a recollida e o envío de mostras con fins de identificación xenética da

Sociedade Internacional de Xenética Forense, publicadas polo Ministerio de Xustiza. En todo caso, o traslado de restos requirirá autorización da Comunidade Autónoma e Entidade Local competente e farase de acordo cos Regulamentos de Policía Sanitaria Mortuoria vixentes en cada Comunidade Autónoma, coa normativa local, ou estatal, no suposto de que os restos se vaian a trasladar a outro país.

Xa por último, no relativo ao informe que debe dar conta dos traballos realizados, o protocolo sinala que se especificarán as seguintes cuestións:

- Os compoñentes do equipo, as tarefas asignadas e as tarefas realizadas.
- Descrición e inventario dos restos localizados.
- Situación dos restos exhumados.
- Medidas de protección e conservación dos restos dende o seu descubrimento ata o seu destino previsto, especificando responsables e os detalles de conservación, embalaxe e depósito dos restos.
- Axuntarase levantamento planimétrico e unha ficha para cada individuo, no que se consignarán as incidencias antropolóxicas destacables.
- Axuntaranse os documentos gráficos e fotográficos pertinentes.

En relación á normativa vixente en materia de intervencións arqueolóxicas na Comunidade Autónoma de Galicia, o presente proxecto obedece ao recollido no artigo 96 da LPCG que establece que para a realización de actividades arqueolóxicas, como é o caso, resulta necesario presentar un proxecto que conteña un programa detallado e coherente, que acredite a conveniencia e interese científico da intervención e que avale a idoneidade técnica de quen asuma a dirección. Ademais, segundo o disposto no artigo 6 do DAAG, o proxecto debe conter:

- Metodoloxía e plan dos traballos.
- Plano topográfico fixando a situación e emprazamento exacto do proxecto presentado.
- Medios cos que se conta para un adecuado desenvolvemento dos traballos.
- Tempos de execución con datas previstas de inicio e remate da actuacións e /ou as súas fases.

- Relación nominal do equipo técnico previsto, entendido como aquel persoal titulado con formación específica que detente áreas de responsabilidade na execución do proxecto, especificando a capacitación profesional de cada membro.
- Currículo do arqueólogo director, con especial referencia profesional no tipo de actividade para a que se solicita autorización.
- Todos os datos que contribúan á concreción do proxecto.

## 6. Contexto da investigación e antecedentes

Ao remate da Guerra Civil, a Administración franquista dispuxo procedementos para que aquelas persoas que o desexaran puideran exhumar dalgún parente. Con esa finalidade publícase a Orde de 1 de maio de 1940 sobre exhumación e inhumación de cadáveres de asasinados polos *roxos*, na cal se establece que "*toda persona que desee exhumar el cadáver de alguno de sus deudos que fueron asesinados por la horda roja, para inhumarlos de nuevo en el cementerio, pude solicitarlo del Gobernador civil de la provincia correspondiente, que, previa la justificación de aquel extremo, concederá el permiso para le traslado e inhumación con arreglo a las disposiciones sanitarias vigentes*‖. *A solicitude de autorización para a realización da exhumación tiña que ser presentada —por el familiar del finado de máis próximo parentesco, el que, en consideración a la patriótica muerte de su deudo, estará exento de pago de derechos sanitarios*‖.

ORDEN *de 1 de mayo de 1940 sobre exhumaciones e inhumaciones de cadáveres de asesinados por los rojos.*

Ilmo. Sr.: Por Orden 6 de mayo de 1939, se dispuso que todo aquel que desease exhumar el cadáver de alguno de sus deudos asesinado por la horda marxista, para ser inhumado en el cementerio, podía solicitarlo dentro del plazo de seis meses, sin que tuviera que abonar derechos sanitarios de ninguna clase.

Numerosas instancias fueron presentadas al amparo de dicha disposición, y muchas más siguen presentándose después de transcurrido el plazo marcado, porque con posterioridad al mismo se van localizando los cadáveres a que se refieren.

Atento este Departamento a atender tan justas aspiraciones de los familiares de aquellos que gloriosamente cayeron por Dios y por España víctimas de la barbarie roja,

He tenido a bien disponer:

Primero.—Toda persona que desee exhumar el cadáver de alguno de sus deudos que fueron asesinados por la horda roja, para inhumarlos de nuevo en el cementerio, puede solicitarlo del Gobernador civil de la provincia correspondiente, que, previa la justificación de aquel extremo, concederá el permiso para el traslado e inhumación con arreglo a las disposiciones sanitarias vigentes.

Segundo.—Si la exhumación y consiguiente inhumación hubieran de hacerse en lugares de distinta provincia, la solicitud habrá de ser elevada a la Dirección General de Sanidad.

También habrá de dirigirse la instancia a la Dirección General de Sanidad cuando la inhumación haya de verificarse en criptas, templos, casas religiosas o en sus locales anejos. Si hubiera de practicarse en alguna iglesia o casa religiosa, habrá de preceder la autorización eclesiástica.

Tercero.—La instancia solicitando la autorización correspondiente será elevada por el familiar del finado de más próximo parentesco, el que, en consideración a la patriótica muerte de su deudo, estará exento de pago de derechos sanitarios.

*Orde de 1 de maio de 1940 sobre exhumación e inhumación de cadáveres de asesinados polos vermellos (BOE núm. 130 de 09/05/1940).*

Ao pouco publícase a Orde de 22 de xullo de 1940 aclaratoria da de 1º de maio último sobre exhumacións e inhumación de cadáveres de persoas asasinadas durante o período *roxo*. Nesta aclárase que o disposto na Orde do 1 de maio do mesmo ano non afectaba "*a la eficacia y permanencia de las resoluciones que la autoridad judicial tenga acordadas o acuerde, prohibiendo o condicionando las exhumaciones de cadáveres de hechos delictivos*".

Á súa vez, procedeuse a elaborar unha sorte de censo de persoas falecidas ou desaparecidas que non entraban no suposto de causantes das pensións recoñecidas na lexislación de guerra. Así, mediante Orde de 18 de maio de 1941 pola que se dá prazo para establecer un censo dos familiares dos caídos en defensa de España establécese que as persoas interesadas – —*familiares de los caídos en defensa de España*ll – que careceran de pensión tiñan un mes para formular unha declaración ante a Delegación Rexional do Traballo (art. 1) na que debía figurar o nome do interesado e o do parente falecido, así como o parentesco entre ambos, o número de fillos menores de idade ao seu cargo, patrimonio e ingresos, así como os —*servicios prestados a la Patria por el familiar muerto*ll.

Só os familiares das vítimas do bando franquista foron autorizados a localizar, exhumar e reinhumar os restos dos seus achegados enterrados en foxas comúns. Estes familiares recibiron axudas económicas para levar a cabo estas tarefas e algunhas foxas puideron acotarse e doóuselles a mesma protección legal que aos camposantos.

Neste senso, a comezos de abril de 1940 publícase a Orde de 4 de abril de 1940 dispoñendo que polos Concellos se adopten medidas que garantan o respecto ao lugares onde xacen enterradas as vítimas da revolución marxista. Nesta disponse que "*con el fin de evitar posibles profanaciones y de guardar respeto debido a los restos sagrados de los mártires de nuestra Cruzada, los Ayuntamientos acotarán y cerrarán de modo provisional, pero que reúna las precisas garantías de seguridad, aquellos lugares en donde conste de manera*

*cierta que yacen restos de personas asesinadas por los rojos, que non han sido identificados o reclamados por sus familiares*‖ (art. 1).

Feito isto debíase solicitar a declaración do lugar como "*tierra sagrada*", como si se tratase dun novo cemiterio municipal (art. 2), e no caso de que o número de individuos fora moi reducido, trasladaríanse a unha parcela designada para esta finalidade no cemiterio máis próximo (art. 3).

ORDEN *de 4 de abril de 1940 disponiendo que por los Ayuntamientos se adopten medidas que garanticen el respeto a los lugares donde yacen enterradas las víctimas de la revolución marxista.*

La diversidad de los lugares donde la saña marxista conducía a sus víctimas para darles muerte, ha motivado la existencia, en muchos términos municipales de los que padecieron la dominación roja, de sitios varios en que yacen restos humanos que, al no haber sido posible su identificación, no han reclamado hasta la fecha los familiares para traslado al cementerio.

El homenaje debido a nuestros mártires exige que, hasta tanto puedan ser recogidos dichos restos en el Panteón de los Caídos, se adopten con carácter provisional medidas que aseguren el respeto a los expresados lugares, convirtiéndolos en tierra sagrada, bajo el cuidado de los Ayuntamientos.

Por ello,

Este Ministerio ha dispuesto:

Artículo 1.º Con el fin de evitar posibles profanaciones y de guardar el respeto debido a los restos sagrados de los mártires de nuestra Cruzada, los Ayuntamientos acotarán y cerrarán, de modo provisional, pero que reúna las precisas garantías de seguridad, aquellos lugares en donde conste de manera cierta que yacen restos de personas asesinadas por los rojos, que no han sido identificados o reclamados por sus familiares.

Art. 2.º Acotado el lugar, la Corporación solicitará, de la correspondiente Autoridad eclesiástica, que se le conceda el carácter de tierra sagrada, en la misma forma que si se tratase de un nuevo cementerio municipal.

Art. 3.º En el caso de que el número de Caídos sea muy reducido, el Ayuntamiento acordará y verificará su traslado a una parcela designada para este exclusivo objeto en el Cementerio más próximo, haciéndolo constar en ella con la debida reverencia.

*Orde de 4 de abril de 1940 sobre exhumación e inhumación de cadáveres de asesinados polo vermellos (BOE núm. 96 de 05/04/1940)*

Coñécense outros exemplos de exhumacións autorizadas e realizadas no pasado século, e tense coñecemento tamén da realización de exhumacións masivas a finais dos 70, cando se transitaba cara a democracia, a pesar de que apenas existe documentación que o acredite. Mais non é ata o ano 2000 cando se comezan a abrir foxas comúns da Guerra Civil española con metodoloxía científica, e cando se comeza a andar un camiño, do que aínda queda moito que transitar, cara a recuperación da memoria democrática, a identificación e recoñecemento das vítimas do xenocidio e a reparación do dano causado nas súas familias.

Dende aquel ano 2000 no conxunto do Estado español exhumáronse máis de 500 foxas comúns e recuperáronse miles de restos (Etxebarria e Solé, 2019), destacando o período comprendido entre o ano 2007 e o ano 2011 en canto ao número de foxas exhumadas, o cal hai que poñer en relación á aprobación da coñecida como Lei da Memoria Histórica no ano 2007, e o apoio – económico - do Goberno central naquela altura.

En Galicia, e atendendo aos datos recollidos por Lourdes Herrasti (2020), nos últimos 20 anos realizáronse un total de 27 exhumacións de foxas comúns recuperándose un total de 75 individuos.

A II Conferencia Sectorial de Memoria Democrática – órgano creado para a cooperación entre administracións co fin de levar a cabo tarefas consultivas, decisorias e de coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas en todo o relativo ás políticas de Memoria Democrática – acordou en setembro do 2022 os criterios de reparto, así como o propio reparto, dos fondos previsto nos Orzamentos Xerais de 2022, para busca, identificación e dignificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura.

O crédito destinado á Comunidade Autónoma de Galicia ascende a 102.511,04 €.€, os cales teñen como obxecto a realización das tarefas de localización, exhumación e identificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura, así como para actividades de divulgación dos traballos efectuados e resultados conseguidos e de dignificación dos lugares

de enterramento e promoción dos lugares de memoria asociados aos mesmos.

Con esta finalidade, subscríbese un convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver, ao longo do período 2021-2024, as seguintes liñas estratéxicas:

- Localización, exhumación e identificación de vítimas.
- Divulgación de traballos efectuados e resultados conseguidos.
- Dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria.

No marco do devandito convenio, no ano 2021 realizáronse dúas intervencións arqueolóxicas:

- Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa común con vítimas da represión franquista no Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).
- Intervención arqueolóxica na Igrexa de San Pedro de Filgueira (Crecente, Pontevedra) para a identificación e exhumación dos restos de César Alberte.

No caso da primeira, o espazo intervido correspóndese fundamentalmente – realizouse tamén unha sondaxe máis ao norte deste espazo principal - ao lugar no que se previa a localización dunha foxa común na que se atoparían depositados restos humanos de vítimas que violencia que acompañou ao golpe de Espado de xullo de 1936, un espazo situado na esquina sur do Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa. Nesta zona, a diferenza do resto da metade máis occidental do cemiterio, non se levantaron bloques de nichos, deste xeito o espazo unicamente se viu afectado pola existencia de antigas tumbas, tres panteóns, unha pequena fonte e un monólito "en lembranza dos republicanos que xacen desde 1936 nesta foxa común", tal e como indica unha inscrición.

En concreto, os restos que presumiblemente se atopaban no espazo intervido corresponderíanse a: Rodrigo Berruete Alejandre, Manuel Limeres Ordóñez, Antonio Sayanes González, Manuel Díaz Hermo, Urbano Tarrío Montero, Pilar Fernández Seijo, Josefa Barreiro González, Luíz Castro Lojo, Eduardo Ferreirós Boullosa, Avelino Fuentes García, Amador Gómez Agustiño, Luíz Iglesias Galáns, Inocencio Lamas Bugallo, Joaquín Ramos Patiño, José Ramón Roo Pérez, Luíz Vilas Barreiro, Luis Aragunde Alfonsín, Matias Bouzada Torrado.



*Zona de intervención no cemiterio municipal de Vilagarcía.*

*Zona na que se interveu no cemiterio municipal de Vilagarcía.*

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

No sector máis meridional da área intervida no se identificaron restos de ningún tipo, así como tampouco evidencias de escavacións ou remoción do terreo realizadas con anterioridade – elementos interfaciais verticais - . Unicamente nos espazos escavados entre as tumbas existentes se identificaron estruturas correspondentes a enterramentos, se ben, ningún deles tiña as características propias dos que se esperaba atopar – restos en cadaleitos e aparentemente sen indicios de violencia -. En todo caso, cómpre chamar á atención sobre as reutilizacións documentadas de enterramentos, así como sobre os enterramentos sen restos – posiblemente pola retirada destes para seren depositados en nichos de construción máis recente -, procesos que afectaron a boa parte da área intervida na que se identificaron enterramentos e que dificultan que a día de hoxe o proceso de busca levado a cabo.

No caso da intervención efectuada en Crecente, tendo en conta a información da que se dispoñía logo das investigacións feitas en relación ao lugar no cal foran depositados os restos de César Alberte, nomeadamente a información aportada por quen foi enterrador na parroquia de Filgueira, propúxose a realización dunha sondaxe na cabeceira da igrexa parroquial, pola parte externa do muro do inmoble, a cal inicialmente se proxectou cunhas dimensións de 6x3 metros, máis que finalmente alcanzou unhas dimensión de 8x3 metros.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

*Zona da intervención arqueolóxica na Igrexa de San Pedro de Filgueira*

*Traballos de escavación na Igrexa de San Pedro de Filgueira*

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Durante os traballos de escavación identificáronse os restos – cranios fundamentalmente - de sete individuos con sinais de violencia, así como un esqueleto completo dun individuo en posición primaria e non funeraria. Todos estes restos están en proceso de análise polo que aínda non é posible asocialos a César Alberte, ou a outras posibles vítimas da represión franquista asasinadas no ámbito da zona de estudo.

No ano 2022, no marco do xa mencionado convenio, realizáronse 3 intervencións arqueolóxicas:

- Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa común con vítimas da represión franquista no Cemiterio parroquial de San Rosendo de Celanova (Ourense)
- Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa común con vítimas da represión franquista no cemiterio de Santiago da Capela (A Capela, A Coruña)
- Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa común con vítimas da represión franquista no cemiterio parroquial de Santaia de Vilacoba (Lousame, A Coruña)

Na intervención desenvolvida en Celanova, tendo en conta a información da que se dispoñía realizouse unha sondaxe 30 m2 no aire oeste da parte nova do cemiterio, nunha parte actualmente axardinada.

Os restos que probablemente se atopaban no espazo intervido corresponderíanse a: Baldomero Vigil-Escalera, Marcelino Fernández García, Guillermo de Diego Álvarez, Alfonso Moreno Gayol, Abelardo Suárez del Busto, Belarmino Álvarez García, Mariano Blanco González. Todos eles veciños de Xixón, trasladados ao mosteiro de San Salvador de Celanova e fusilados en setembro de1939 na tapia da igrexa parroquial.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

*Zona de intervención no cemiterio parroquial de San Rosendo de Celanova*



Lugar no que se desenvolveu a sondaxe. Estado previo

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Procedeuse á recuperación dos restos de 7 individuos. A foxa estaba formada por unha zanxa duns 5 m de lonxitude e uns 40 cm de ancho. Acumulaba dous corpos na zona Este (un encima doutro), dous corpos na zona Oeste (un encima doutro) e tres corpos entre ambos os grupos, tamén uns encima doutros. Seis dos sete individuos localizados na foxa presentaban signos de violencia.

Tralos análises forenses realizados, encabezados polo antropólogo forense D. Fernando Serrulla, do Instituto de Medicina Legal de Galicia, conclúese que entre os restos recuperados ayopábanse os de Marcelino Fernández García ( mecánico de 23 anos) e Abelardo Suárez del Busto (albanel de 29 anos). En canto aos demais restos exhumados non se descarta que puideran ser presos do penal de Celanova.

No caso de A Capela como paso previo á realización de movementos de terra, propúxose a realización dunha prospección mediante xeo-radar ou ground penetrating radar. Os datos achegados pola prospección amosan a complexidade da disposición do subsolo das áreas exploradas do cemiterio (antiga parte civil e eclesiástica) Tralo procesado dos datos da prospección e tendo en conta as informacións recollidas polos historiadores propúxose a realización dunha sondaxe de 2x2 m na zona sueste do cemiterio, preto do muro que delimita o seu terreo e outra de 2x0,5m na parte posterior do cemiterio, unha área afastada da porta de entrada e preto do antigo muro de peche a fin de corroborar ou non as hipóteses da localización das foxas de Joaquín Antón Rodeiro, Francisco Guerreiro, Manuel Franco Bermúdez, Ramón Agras Fernández, Manuel Prado Allegue e dos irmáns Sardiña Navarro (Celestino e Ramón).

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

*Prospección con xeorrádar IDS RIS FAstWave SOT no cemiterio de Santiago de A Capela*

Trala intervención arqueolóxica constatouse que non había indicios de remocións do terreo nin restos de inhumacións nos emprazamentos onde se realizaron as sondaxes.

No que respecta ao espazo intervido no cemiterio parroquial de Santaia de Vilacoba (Lousame) este correspondeuse coa zona sueste do cemiterio, xa que as fontes orais situaban nesta zona a posible foxa na que foi enterrado Manuel García Hermo. Nesta zona, procedeuse á localización dun enterramento clandestino dun varón adulto que presentaba signos de violencia. O estudo xenético permitiu excluír que os restos pertencesen a Manuel García Hermo, e abre a porta a futuras investigacións de outras posibles vítimas da represión franquista asasinadas no ámbito da zona de estudo.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

*Situación das áreas intervidas no cemiterio parroquial de Santaia de Vilacoba*

*Traballos de escavación no cemiterio parroquial de Santaia de Vilacoba*

No ano 2023, no marco do xa mencionado convenio, realizáronse 3 intervencións arqueolóxicas:

- Exhumación da foxa do cemiterio do Castro (Pexeiros), Viana do Bolo (Ourense).
- Exhumación da foxa do cemiterio de San Salvador de Trasanquelos, Oza-Cesuras (A Coruña).
- Exhumación da foxa do cemiterio de Santa María a Maior do Val, Narón (A Coruña).

Coa intervención no cemiterio de O Castro, pretendíase recuperar os restos de Anunciación Casado Atanes ("La Pasionaria"), veciña de San Mamede, enterrada no citado cemiterio de Castro, paseada o 21 de agosto de 1936 na leira de Gracinda polos militares sublevados. Esta contou con 2 fases. Nunha primeira fase realizouse unha sondaxe nun lateral do cemiterio, -entre o muro do adro e o muro norte da igrexa- xunto a placa conmemorativa que leva o seu nome. Baixo os niveis superficiais, foron localizados dous enterramentos de época contemporánea, posiblemente da segunda metade do século XX polos restos plásticos localizados sobre estes.

Posteriormente, realizouse unha segunda fase, xa que , durante a realización dos traballos de escavación da sondaxe 1 e grazas a un informante que afirmaba coñecer de primeira man o lugar de enterramento, realizouse unha segunda escavación para comprobar esta información, a 10 m cara o E da sondaxe 1, que se denominou Sondaxe 2. Nesta sondaxe, trala retirada dos depósitos superiores, foi localizado un enterramento que se deu en nomear Tumba 3. Este enterramento, atópase a 1 m 10 cm de potencia, tallado parcialmente no substrato rochoso cara o S, en nos niveis de recheo cara o N, podería pertencer a unha muller de idade e estatura compatibles coa que tiña Anunciación no momento do seu deceso, segundo a información dada.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Situación das sondaxes realizadas no cemiterio de O Castro

Tamén se realizaron traballos de prospección por metalodetección no lugar onde Anunciación foi paseada, a chamada Curva das Revendeitas, os resultados obtidos durante estes traballos foron negativos.

Traballos de prospección

No que respecta ao espazo intervido no cemiterio de San Salvador de Trasanquelos realizáronse dúas sondaxes, unha ao E, detrás da igrexa (sondaxe 100) cunhas dimensións de 3x3 m e outra no lateral N do templo (sondaxe 200) cunhas

dimensións de 1m de ancho no extremo W, 70 cm no extremo E e 3.80 m de longo.

Estes traballos realizados afondaron no coñecemento do cemiterio de Trasanquelos, un lugar que presenta un gran nivel de revolto debido á constante actividade de reinhumación, tan característica dos cemiterios rurais galegos. Así, por un lado vemos como no sector 100 aparecen dende a retirada da capa vexetal gran cantidade de restos inconexos, abundancia que aumenta segundo afondamos nas UUEE 103 e 104, resultando no achado de 10 cranios na cata realizada no flanco W e de 3 fosas na mesma cata.

Por outra banda, no sector 200, foron localizados 4 individuos, enterramentos que polas súas características son posteriores aos anos 30. Polo tanto, estes, posiblemente desprazaron os restos óseos anteriores, restos achados por toda a sondaxe (UUEE 202 e 203), dos que destacamos o grupo denominado restos 02, os cales contiñan unha serie de ósos longos e dous cranios, que tras ser observados polo antropólogo forense en campo podían ser susceptibles de pertencer a Rafael Fernández e Juan Torreiro, xa que presentaban, polo menos un, signos de violencia.

Localización das áreas intervidas no cemiterio de San Salvador de Trasanquelos

No que respecta ao ano 2024, leváronse a cabo dous proxectos arqueolóxicos:

- Ampliación da Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa con vítimas da represión franquista no cemiterio de Santa María a Maior do Val (Narón, A Coruña).
- Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa con vítimas da represión franquista no cemiterio da igrexa parroquial de Cabreira (Salvaterra de Miño, Pontevedra).

No municipio de Narón, os traballos realizados entre os días 4 e 15 de novembro de 2024 tiveron como obxectivo a ampliación da intervención arqueolóxica realizada no ano 2023-2024 .En base aos datos obtidos durante a campaña anterior propúxose a escavación dun total de 29,3m2. A intervención circunscribiuse á área perimetral dos nichos sitos ao W do cemiterio cunha anchura de 1 m dando un resultado positivo en canto aos obxectivos concretos do proxecto permitindo localizar e delimitar parcialmente enterramentos ou foxas clandestinas. Ao mesmo tempo a intervención permitiu constatar a afección directa do corpo de nichos, feito que impediu a exhumación dos restos.

Realizada a intervención, esta confirmou a existencia de dous enterramentos colectivos sincrónicos (sector 3 con canto menos 3 individuos e sector 4 con canto menos 2 individuos). Por outra banda, no sector 4 localízase un enterramento individual (individuo 14) e no sector 3 os restos doutro enterramento posiblemente individual (individuo 11, do que soamente se localizan restos de calzado e 5 metatarsos ). No sector 2 localízanse 7 individuos que puideran pertencer a un mesmo enterramento tipo foxa.

A disposición dos corpos no sector 3 e 4 mostra a mestura de membros, con total ausencia de orde e organización, consecuencia de deixar caer os corpos aleatoriamente. Neste caso púidose afirmar que estamos ante foxas que acollen a inhumación clandestina construída ex profeso para este fin, presentando unha secuencia deposicional que reflicte un só momento, sen

constatar hiatos temporais entre as vítimas, mostrando unha clara sincronía entre os corpos.

No caso da inhumación individual do sector 4 (individuo 13) podería corresponderse con enterramentos irregulares, se ben non se pode constatar, o mesmo acontece co individuo 11. Neste último caso cabe a posibilidade de que fora enterrado, nalgún momento sen determinar, un individuo cuxos restos foron posteriormente exhumados para depositalos noutra localización, quizais nalgún dos nichos da parte do cemiterio máis recentemente construída.

No tocante ao sector 2, localizáronse 7 individuos que atendendo á disposición dos restos poderían presentan indicios como mínimo dun enterro non tradicional.

Os datos da intervención arqueolóxica permitiron marcar a situación das foxas no cemiterio de O Val debaixo dos nichos que se sitúan na zona W do cemiterio. Ao mesmo tempo, os resultados permiten falar de que estamos ante un espazo no que presumiblemente se atoparían varias foxas de que responden tanto a momentos temporais como a dinámicas de enterramento diferentes. Hai que ter en conta que estariamos falando de 52 vítimas asasinadas en 7 datas diferentes e sendo grupos de diferentes tamaños .

Non se realizou a exhumación dos restos óseos nin se chegou ao rexistro completo de todas as foxas que poden existir no cemiterio debido á propia situación das mesmas. Con toda probabilidade quedarían varias foxas debaixo dos bloques de nichos construídos a mediados do S.XX.

Con respecto á intervención realizada na parroquia de Cabreira (Salvaterra do Miño), en novembro de 2024, pretendíanse recuperar os restos de 5 individuos, os supostos paseados de Moaña.

A sondaxe realizada deu un resultado positivo en canto a localización de individuos, posiblemente catro dos cinco represaliados que se buscaban na intervención vencellados coa represión franquista.

Neste senso, nun primeiro momento realizouse unha sondaxe de 3,5 m x 4

m x 1,40 m x 4 m, onde foron localizados os restos de dous individuos, e cunha posterior ampliación de un apéndice de 1, 5 m x 1,5 m x 1,5 m cara o E da sondaxe inicial, co obxectivo de localizar os restos de tódolos individuos.

No primeiro momento foron localizados dous enterramentos, en caixas de madeira que se deron en chamar Individuo 1 e Individuo 2. Entre os diferentes obxectos persoais que se localizaron durante os traballos, entre as pernas do Individuo 1 foi localizado unha vaina de bala de pistola semiautomática de 9 mm, probablemente unha Astra 400, arma regulamentaria dos exércitos tanto o Republicano como o Sublevado durante a Guerra Civil Española, aínda que esta arma ten unha longa traxectoria no exército profesional e é complexo acoutar o seu uso.

Na segunda ampliación, foron localizados os Individuos 3 e 4.

Tanto este como a localización de obxectos persoais non comúns nos enterramentos, como pode ser a dunha carteira con moedas pertencentes a República Portuguesa datadas entre os anos 1924 e 1926, anos previos a Guerra Civil. A localización destas moedas nunha carteira e a súa cronoloxía, fai pensar que non se tratan de enterramentos comúns.

Cara o E da sondaxe entre os individuos 1 e 2 e os Individuos 3 e 4, localízase unha foxa que se atopaba reenchida con material descontextualizado. Esta foxa valeira, tanto pola súa orientación, coma pola súa forma, así como a localización entre os dous grupos de enterramentos, fai pensar que se trata de unha exhumación de un quinto individuo, xa que non é posible que se atope ao E da sondaxe (pola localización de tumba históricas neste sector) coma ao W da sondaxe, pola situación dun muro, o que fai que a ausencia de un quinto individuo nos fala dunha posible exhumación clandestina do mesmo, momentos despois do seu enterramento.

Durante a realización da sondaxe, foron localizados diferentes restos de índole arqueolóxica. No intre de seren localizados, deuse aviso de forma telemática a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Estes restos localízanse ao NW da sondaxe maiormente, e están

vencellados ao mundo romano, ou tardoromano, ao tratarse de un pavimento, un *opus signinum,* cortado en dous momentos: o primeiro, por unha foxa circular na esquina NW da sondaxe, e nun momento posterior, polos enterramentos exhumados nesta intervención. Neste senso cabe destacar a localización de tres foxas circulares escavadas nos niveis xeolóxicos, e que se atopan baixo os niveles dos enterramentos exhumados durante a intervención. Estas foxas non foron escavadas o non atoparse dentro dos obxectivos da intervención.

Tamén foi localizado un muro, do que conservamos soamente a última fiada, probablemente vencellado o pavimento, e que se atopa cortado tamén por estes enterramentos.

Xa no extremo E da sondaxe, foron localizados dúas tumbas históricas de laxas de pedra e de cronoloxía indeterminada que se atopan cortadas tamén polos enterramentos exhumados, e que non foron escavadas polo mesmo motivo que o resto dos achados arqueolóxicos.

Os materiais arqueolóxicos recuperados falan, en xeral dun xacemento vencellado ao mundo romano ou da tardoantiguidade.

En canto os obxectivos da intervención, en xeral, os resultados son positivos, aínda que non son concluíntes, xa que soamente as probas tanto forenses coma os análises xenéticos que se están a realizar, poden determinar se os restos óseos recollidos na sondaxe, pertencen a catro dos 5 individuos que se estaban a procurar como obxecto principal desta intervención. Os restos exhumados foron trasladados a Unidade de Antropoloxía Forense do Instituto Legal de Galicia, coa finalidade de sometelos ás analíticas pertinentes a efectos de identificar se pertencen ou non a represaliados, e de ser o caso, poñer os restos a disposición dos seus familiares.

De seres negativos os resultados xenéticos e forenses, procederase a devolución dos restos ao lugar do que foron exhumados.

## 7. Localización do ámbito de traballo

A intervención arqueolóxica que se recolle no presente proxecto está situada no concello coruñés de Teo, concretamente no cemiterio de Santa María de Luou. Trátase, na actualidade, dun espazo limitado ao redor da Igrexa, rodeado pola construción de panteóns, excepto na zona N, na que se localizan panteóns verticais de nova construción.

Localización do cemiterio de Santa María de Luou, Teo.

As coordenadas UTM (ETRS89) da zona de actuación son as seguintes:

- X: 534037
- Y: 4739068

A información histórica indica que se trata de unha foxa da resistencia antifranquista na que se atopan os restos de catro membros da V Agrupación comandada por Benigno Andrade, o "Foucellas".

## 8. Contexto patrimonial

En canto a protección patrimonial, o proxecto desenvólvese no ámbito de protección de varios elementos patrimoniais recollidos no PBA, e delimitados no mesmo planeamento:

Conxunto da Igrexia parroquial de Luou, que consta de:

- **Igrexa de Santa Maria de Luou**
- **Antiga casa reitoral**

En canto na contorna da zona de intervención, localízanse outros elementos pertencentes o patrimonio cultural:

- **Vivenda tradicional**
- **Cruceiro da Igrexa**
- **Cruceiro de Luou**
- **Sindicato de Agricultores e Gandeiros de Luou**
- **Cruceiro**
- **Carballeira de Vales**
- **Casa reitoral**

A continuación, preséntanse as fichas recollidas no PXOM de Teo dos elementos patrimoniais próximos a área de estudo:

Situación dos elementos catalogados no PXOM de Teo

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

CONCELLO DE TEO

**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

Nº EN PLANO A39

| | |
|---|---|
| DENOMINACIÓN: | CONXUNTO DA IGREXA PARROQUIAL |
| LOCALIZACIÓN: | A IGREXA |
| PARROQUIA: | SANTA MARÍA DE LUOU |
| TIPOLOXÍA: | ÁMBITO DE PROTECCIÓN |
| TITULARIDADE: | PÚBLICA/PRIVADA/INSTITUCIONAL |
| ESTADO DE CONSERVACIÓN: | BO |
| GRAO DE PROTECCIÓN: | AMBIENTAL |
| CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: | SOLO NÚCLEO RURAL. ORIXE (SNR-T) |

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orden do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
de data 04 XUN. 2010
A xefa do servizo de Planificación Urbanística II
María Mariñas Busto



Conxunto formado polo recinto da Igrexa Parroquial de Santa María de Luou, R13, que tamén inclúe a antiga casa rectoral, B38, unha vivenda tradicional, B35, e o cemiterio.

**Aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria do 20 abril de 2010**

A Secretaria Acctal.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

CONCELLO DE TEO
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

## CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS

Nº EN PLANO B38

| | |
|---|---|
| DENOMINACIÓN: | ANTIGA CASA RECTORAL |
| LOCALIZACIÓN: | A IGREXA |
| PARROQUIA: | SANTA MARÍA DE LUOU |
| TIPOLOXÍA: | CASA RECTORAL |
| TITULARIDADE: | INSTITUCIONAL |
| ESTADO DE CONSERVACIÓN: | BO |
| GRAO DE PROTECCIÓN: | AMBIENTAL |
| CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: | SOLO NÚCLEO RURAL. ORIXE (SNR-T) |

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orden do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
de data 04 XUN. 2010
A xefa do Servizo de Planificación Urbanística B
Mª Mercedes Bustio



Edificación tradicional antigamente usada como casa rectoral. Realizada en pedra vista, ten planta rectangular e cuberta de tella a dúas augas.

Inclúese no ámbito de protección A39,ó igual que a Igrexa Parroquial de Santa Maria de Luou, R13, e unha vivenda tradicional, B35.

Aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria do 20 abril de 2010

A Secretaria Acctal.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

CONCELLO DE TEO

**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

## CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS

Nº EN PLANO B36

| | |
|---|---|
| DENOMINACIÓN: | CASA RECTORAL |
| LOCALIZACIÓN: | A IGREXA |
| PARROQUIA: | SANTA MARÍA DE LUOU |
| TIPOLOXÍA: | CASA RECTORAL |
| TITULARIDADE: | INSTITUCIONAL |
| ESTADO DE CONSERVACIÓN: | BO |
| GRAO DE PROTECCIÓN: | INTEGRAL |
| CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: | SOLO NÚCLEO RURAL. FINCA SINGULAR |

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orden do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
de data 04 XUN. 2010
A xefa do Servicio de Planeamento Urbanístico II
María Marías Busto

Edificación tradicional de planta en L e cuberta de tella a catro augas. Está construída en pedra encalada agás ocos, esquinas e unha das fachadas.

Inclúese no ámbito de protección A40, ó igual que un pombal, O1A.

Aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria do 20 abril de 2010
A Secretaria Acctal.

UPDF
WWW.UPDF.COM



TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

CONCELLO DE TEO
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

Nº EN PLANO C36

| | |
|---|---|
| DENOMINACIÓN: | CRUCEIRO DE LUOU |
| LOCALIZACIÓN: | A IGREXA |
| PARROQUIA: | SANTA MARÍA DE LUOU |
| TIPOLOXÍA: | CRUCEIRO |
| TITULARIDADE: | PÚBLICA |
| ESTADO DE CONSERVACIÓN: | |
| GRAO DE PROTECCIÓN: | INTEGRAL |
| CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: | SOLO NÚCLEO RURAL. ORIXE (SNR-T) |

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
de data 04 XUN. 2010
A Xefa do Servizo de Ordenación Urbanística II
María Almudena Busto

Situado perto do ámbito de protección A40 que inclúe a carballeira, o cruceiro posúe unha base escalonada ben marcada, un fuste hexagonal con capitel jónico con volutas e cruz sen imaxe.

Aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria do 20 abril de 2010

A Secretaria Acctal.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

CONCELLO DE TEO
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

## CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS

Nº EN PLANO C37

DENOMINACIÓN: CRUCEIRO
LOCALIZACIÓN: A IGREXA
PARROQUIA: SANTA MARÍA DE LUOU
TIPOLOXÍA: CRUCEIRO
TITULARIDADE: PÚBLICA
ESTADO DE CONSERVACIÓN: REGULAR
GRAO DE PROTECCIÓN: INTEGRAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO NÚCLEO RURAL. ORIXE (SNR-T)

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orden do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
de data 04 XUN. 2010
A xefa do servizo de Planificación Urbanística II
María Maríñas Busto



Cruz con imaxe nun frente, capitel dórico e basamento escalonado.

Aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria do 20 abril de 2010

A Secretaria Acctal.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

CONCELLO DE TEO

**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

Nº EN PLANO C35

DENOMINACIÓN: CRUCEIRO DA IGREXA
LOCALIZACIÓN: A IGREXA
PARROQUIA: SANTA MARÍA DE LUOU
TIPOLOXÍA: CRUCEIRO
TITULARIDADE: PÚBLICA/INSTITUCIONAL
ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO
GRAO DE PROTECCIÓN: INTEGRAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO NÚCLEO RURAL. ORIXE (SNR-T)

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orden do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
de data 04 XUN. 2010
A xefa do servizo de Planificación Urbanística II
María Meiñas Busto

Situado no adro da Igrexa de Santa María de Luou R13 e pertencente ó ámbito A39 que inclúe tamén a Rectoral B38, o cruceiro de pedra érguese sobre un fuste que varía de sección e remata nun capitel corintio e cruz con imaxes ós dous frentes.
O basamento atópase delimitado por un cerramento de ferro.

Aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria do 20 abril de 2010

A Secretaria Acctal.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

CONCELLO DE TEO

**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS**

Nº EN PLANO **A66**

DENOMINACIÓN: CARBALLEIRA DE VALES
LOCALIZACIÓN: A IGREXA
PARROQUIA: LUOU
TIPOLOXÍA: CARBALLEIRA
TITULARIDADE:
ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO
GRAO DE PROTECCIÓN: AMBIENTAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO RUSTICO. R-3, SOLO DE NUCLEO RURAL

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orden do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
de data 04 XUN. 2010
A xefa do servizo de Planificación Urbanística II
Mariñas Busto

Aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria do 20 abril de 2010

A Secretaria Acctal.

## 9. Formulación da intervención e obxectivos

O espazo obxecto da intervención arqueolóxica é unha foxa ou enterramentos individuais, na que se atopan depositados os restos de 4 vítimas da violencia que acompañou ao golpe de Estado do 18 de xullo de 1936. As foxas forman parte do itinerario que seguían aquelas persoas obxecto desa violencia, sendo o estadio e o espazo final polo que pasaban tras decidirse o seu destino: o asasinato. A efectos de catalogación, son un espazo de enterramento. Os espazos regulares de enterramento están relacionados co tipo de inhumación, co enterramento regular do cadáver nun cemiterio, nunha tumba ou nun nicho identificable; cando a inhumación da vítima non se realiza seguindo ese procedemento, atopámonos ante enterramentos levados a cabo de forma irregular, dos que son paradigmáticos os enterramentos en foxas.

Dentro das foxas aínda existe unha distinción máis a ter en conta a efectos da súa catalogación. Á hora de identificalas e estudalas podemos atoparnos con foxas en campo aberto, é dicir, con foxas comúns que non están relacionadas cun cemiterio, se non que se identifican como tal debido ao abandono de corpos tras o asasinato, producíndose o enterramento nun lugar determinado no que permanecen soterrados sen ser trasladados. Por outra banda, atopamos as foxas comúns de cemiterio, isto é, aqueles espazos existentes dentro dun cemiterio, empregados para outro tipo de inhumacións, e que serviron ao mesmo tempo para o traslado e enterro dos corpos dalgúns asasinados. Son, polo tanto, espazos que xa eran empregados con anterioridade e que foron empregados con posterioridade, pero que tamén serviron como lugar de enterramento para as vítimas.

A foxa do cemiterio de Santa María de Luou, pertence a esta segunda tipoloxía. Debido a isto, o estudo histórico previo á intervención sobre a mesma cobra unha gran importancia, pois ten como obxectivo analizar todos os datos dispoñibles para, na medida do posible, recoñecer o espazo concreto que se empregou para enterrar ás vítimas da violencia. Con isto preténdese facilitar a labor arqueolóxica e economizar os esforzos para que sexa o máis eficiente posible. Delimitar o espazo físico sobre o que se actuará é unha decisión,

ademais, interdisciplinar e consensuada entre os historiadores encargados do estudo, os arqueólogos que a levarán a cabo e o responsable antropólogo forense. Entre todos veñen de concretar ese espazo tras realizarse o estudo previo.

O estudo histórico – realizado polos investigadores e investigadoras do Grupo Histagra - comezou co coñecemento das vítimas enterradas na foxa. O coñecemento da identidade das vítimas é o que permite o seguinte paso da investigación: a documentación de todos os datos posibles relacionados con elas para conseguir identificalas e situalas da forma máis precisa posible. Neste senso, Galicia ten unha posición privilexiada dentro do conxunto do Estado, pois grazas ao Proxecto Nomes e Voces (2006-2012) contamos cunha base de datos (vitimas.nomesevoces.net) na que se atopan catalogadas todas as vítimas da violencia que sucedeu ao golpe de Estado, con numerosos ítems asociados que refiren as diferentes fontes ás que recorrer para a documentación de cada unha desas vítimas. É grazas á base de datos de Nomes e Voces que se puido facer unha primeira achega á documentación asociada a cada asasinado -por exemplo, os rexistros de defuncións-, o que tamén permitiu coñecer que cantidade de información temos dispoñible en cada caso.

Coa intervención obxecto do presente proxecto preténdense recuperar os restos de 4 vítimas da represión franquista. Trátase de unha foxa da resistencia guerrilleira antifranquista na que se atopan os restos de catro membros da V Agrupación comandada por Benigno Andrade, o "Foucellas". En concreto nesa foxa foron inhumados:

- **Ricardo Fernández Carlés**, natural de Pontecesures;
- **Florentino Menéndez Palacios**, natural de Peñarrubia (Sama de Langreo).
- **Manuel Agrasar Cajaraville, o "Barbarroxa"**, casado con María Cortiñas Bóveda e natural de Matanza (Iria Flavia).
- **Vicente López Novo**, co alcume de "el hijo de la Nova", solteiro e natural de Santa Uxía de Ribeira.

No informe histórico preliminar estanse a analizar as diferentes fontes e relatos que nos conducen a diversas hipóteses sobre o acontecido durante o enfrontamento que tivo lugar o 19 de maio de 1948 no lugar de Loureiro, parroquia de Luou (Teo). Este enfrontamento resultou na morte dos catro guerrilleiros máis dun garda civil, lograron escapar, pola parte da resistencia, "Foucellas" (Benigno Andrade) e Xosé Ramuñán Barreiro, ao cal se referían como Ricardito.

Cabe sinalar que respecto do lugar de enterramento das catro vítimas, as fontes condúcennos á mesma área de sepultura. A fosa na que xacen semella situarse próxima á parede sur da casa do Belén —ou casa de Fábrica—, no cuadrante que fica entre o patio da edificación e o osario. Concretamente e segundo a Causa 239/48 do AIMNOR2 "(...) fueron inhumados en una fosa situada a unos cincuenta cm de la pared sur de la casa de Fábrica, distante a unos siete metros de la pared sur del cementerio".

Estas distancias indicadas coinciden coa área sinalada pola veciñanza e as diversas referencias que se foron transmitindo a través da historia oral. Porén, é necesario termos en conta a posibilidade de que parte da fosa se atope baixo o osario que se sitúa na área indicada, que data de 1952. Para darmos luz sobre esta cuestión, realizarase unha achega á historia do cemiterio a través do Libro de Fábrica parroquial, que será consultado na "Unidade Pastoral do Milladoiro e Contorna" no vindeiro mes de agosto[2].

[2] Datos básicos aportados no informe preliminar redactado pola historiadora Lucía Santiago Sanmiguel.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Área de actuación ao NW do cemiterio.

Vista da área de actuación dende o SW

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

# 10. Metodoloxía da intervención arqueolóxica

## 10.1. Estratexia de escavación

En base aos datos da investigación histórica realizarase a proposta do punto de verificación mediante unha sondaxe arqueolóxica, cunhas medidas de 4 x 5 x 1.70 x 1, 20 x 1,70 x 3,5, adaptando a forma da sondaxe ao lugar de enterramento, e a morfoloxía do mesmo, condicionado pola posterior construción de un osario.

Ao remate dos traballos taparase a sondaxe devolvendo o cemiterio ao seu estado orixinal.

Enténdese por sondaxe arqueolóxica, conforme ao establecido no artigo 95 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a remoción de terras complementaria da prospección orientada a comprobar a existencia de restos arqueolóxicos ou a recoñecer a súa estratigrafía.

Detalle do lateral N do cemiterio, vista dende o S

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Zona a intervir dende o W

Zona a intervir dende o SW

Para a realización do proxecto cóntase coa colaboración, tanto na investigación histórica como na busca, localización e exhumación do Antropólogo Forense Fernando Serrulla, do Instituto de Medicina Legal de Galicia.

Esta colaboración considérase esencial de conformidade cos protocolos vixentes sobre a materia, e nomeadamente co recollido no Protocolo de actuación en exhumacións de vítimas da Guerra Civil e a Ditadura comentado en anteriores apartados deste proxecto.

Fernando Serrulla conta con 20 anos de experiencia en exhumacións da Guerra Civil española, interveu en máis de 100 exhumacións en colaboración coa Sociedade de Ciencias Aranzadi, foi designado forense responsable no convenio asinado coa Xunta de Galicia no 2022 para acometer exhumación, e é doutor pola Universidade de Granada, adicando a súa tese doutoral á Antropoloxía Forense da Guerra Civil española.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

### 10.2. Rexistro da información

A sondaxe levarase a cabo con medios manuais. Empregarase a técnica de escavación estratigráfica con alternancia de escavación por niveis artificiais, todo elo circunscrito aos límites da sondaxe previamente formulada. En consecuencia, a intervención avanzará seguindo a secuencia estratigráfica real do terreo, ou ben mediante a retirada en sucesivas capas artificiais ata detectar cambios significativos na estratigrafía, para a continuación realizar unha escavación estratigráfica.

O rexistro e descrición dos diferentes estratos e interfacies que compoñen a estratificación arqueolóxica realizarase atendendo á adaptación do modelo harrisiano proposto en 1999 por César Parcero Oubiña, Fidel Méndez Fernández e Rebeca Blanco Rotea.

Para facilitar e axilizar o rexistro da información durante os traballos de escavación, así como co obxectivo de xerar un rexistro homoxéneo e coherente en canto aos conceptos, termos e criterios de avaliación empregados, disporase dunhas fichas de rexistro previamente confeccionadas como as que se axuntan ao presente proxecto.

A documentación descritiva recollerá unha valoración básica da secuencia estratigráfica documentada na sondaxe. A información estruturarase de forma que primeiro se recolla o estudo analítico de cada entidade de estratificación identificada, seguido dunha interpretación, referíndose de forma xenérica á explicación do proceso de formación concreto de cada elemento. Cada estrato e elemento identificado terá a súa propia numeración e ficha de rexistro, e relacionaranse cunha secuencia cronoestratigráfica global.

Para a descrición dos depósitos usaranse os seguintes criterios:

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

| | |
|---|---|
| **Cor** | |
| *A cor debe recollerse preferiblemente en húmido (fresco), usando os nomes das cores comúns xunto co contrastado directo co código de cores Cailleux. Fixarase a cor predominante, sen impedimento de que se recollan outros tons ou se sinale a variación de cores.* | |
| **Composición granulométrica** | |
| *Diferenciarase entre texturas de fracción fina (partículas inferiores a 2 mm de diámetro) e grosa (partículas superiores aos 2 milímetros). Para a fracción fina diferenciarase entre (de máis a menos fino) limos, areas e arxilas, mentres que a fracción grosa se clasificará en gravas (2-60 mm), pedras (61-200 mm) ou bloques (>200 mm).* | |
| **Estrutura** | |
| *A estrutura refírese á organización interna de cada unidade, diferenciarase entre estruturados e non estruturados.* | |
| **Compactado / consistencia** | |
| *Solto* | *Non coherente* |
| *Suave* | *A masa ou partículas que forman parte do depósito están moi debilmente unidos e fráxiles, disgrégase facilmente baixo presión moi lixeira.* |
| *Duro* | *Moderadamente resistente á presión. Pode disgregarse cos dedos.* |
| *Moi duro* | *Moi resistente á presión. Pode disgregarse coas mans só con dificultade.* |
| *Extremadamente duro* | *Extremadamente resistente á presión. Non se pode disgregar coas mans.* |
| **Textura** | |
| *Non adherente* | *O material (Sedimentario) predominante coa que está composto o depósito unha vez liberada a presión practicamente non se adhire aos dedos.* |
| *Lixeiramente adherente* | *O material predominante co que está composto o depósito unha vez liberada a presión o material adhírese aos dedos pero despréndese completamente.* |
| *Adherente* | *Despois da presión o material adhírese aos dedos e tende a estenderse bastante cando se separan os dedos.* |
| *Moi adherente* | *Logo da presión, o material adhírese* |

| | |
|---|---|
| | *fortemente aos dedos e é decididamente extensible cando estes se separan.* |
| ***Plasticidade*** | |
| *Non plástico* | *Non se forma cordón.* |
| *Lixeiramente plástico* | *Fórmase cordón pero rómpese inmediatamente se se curva en forma de aro.* |
| *Plástico* | *Fórmase o cordón pero rómpese ao dobralo en forma de aro.* |
| *Moi plástico* | *Fórmase cordón e pódese dobrar sen que se rompa.* |
| ***Límites*** | |
| *Abrupto* | *0-2 cm* |
| *Claro* | *2-5 cm* |
| *Gradual* | *5-15 cm* |
| *Difuso* | *>15 cm* |
| ***Abundancia de restos*** | |
| *Estéril* | *0 elementos* |
| *Moi poucos* | *2-5 elementos* |
| *Poucos* | *5-10 elementos* |
| *Abundantes* | *10-20 elementos* |
| *Extremadamente abundantes* | *>20 elementos* |

Para a descrición de elementos interfaciais verticais/cortes:

| | |
|---|---|
| ***Tipo de estrutura*** | *Indicarase a tipoloxía atendendo aos criterios de fosa/silo, oco de poste, gabia, etc.* |
| ***Forma en planta*** | *Refírese a forma da boca en planta, que se diferenciara entre globular, cuadrangular ou irregulares.* |
| ***Dimensións e profundidade*** | *Deixarase constancia do tamaño en planta e a fondura medida entre a boca e a base, entendida como o extremo máis afastado da boca.* |
| ***Paredes*** | *Farase referencia a si as paredes son simétricas ou non, e indicarase, cando sexa posible, a pendente das paredes medidas entre a boca e a base.* |
| ***Niveis de recheo*** | *Seguiranse os criterios establecidos para a descrición das secuencias estratigráficas.* |
| ***Observacións*** | *Indicaranse tamén aquelas características que resulten de interese e non foran rexistradas na descritiva.* |

Para a descrición de estruturas emerxentes empregaranse os seguintes criterios:

| | |
|---|---|
| ***Tipo de estrutura*** | *Atenderase á tipoloxía de muro, pavimento, fogar, muralla, cámara, xamba, lintel, etc.* |
| ***Tamaño e acabado dos materiais*** | *Describirase o tamaño e características dos materiais que forman a estrutura, indicando si se usa máis de un tipo de material e, no caso de ser estruturas de pedra, indicarase, na medida do posible, o tipo de aparello.* |
| ***Cimentación*** | *Describirase o sistema empregado (gabia, etc.).* |
| ***Forma*** | *Farase constar a forma da estrutura, tanto en planta como en alzado.* |
| ***Dimensións*** | *Farase constar o ancho, o alto e a lonxitude da estrutura.* |
| ***Orientación*** | *En relación aos eixos cardinais ou outros elementos de referencia.* |
| ***Observacións*** | *Indicaranse aquelas características que resulten de interese e non foran rexistradas na descritiva.* |

Empregarase coordenadas absolutas, utilizando o sistema de coordenadas UTM, coa proxección ETRS89 Fuso 29N. Para o desenvolvemento da intervención contarase preferentemente cunha estación total ou GPS subcentimétrico que permita recoller datos espaciais, tanto relativos á localización de restos de interese como para a delimitación e representación dos estratos e interfacies identificados. Fotografaranse todos aqueles elementos e entidades arqueolóxicas que resulten de interese para os obxectivos deste proxecto. A totalidade do rexistro fotográfico realizarase en soporte electrónico de alta resolución (NIKON D3400, NIKON D3200, ou semellantes).

Para a documentación planimétrica priorizarase o emprego da fotogrametría terrestre, se ben, cando non sexa posible, empregarase o método tradicional de debuxo, delineando cada unha das entidades ou elementos de interese identificados en planta ou nas seccións de parede a escala 1:20 para logo procesar os debuxos mediante software de deseño gráfico.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

En consecuencia do exposto, a documentación xerada mediante técnicas como a fotogrametría ou mediante o emprego de instrumentos topográficos de precisión, entregarase en formato electrónico, en soporte shapefile (shp) ou compatibles, coa finalidade de que permita unha fácil interacción entre sistemas SIX.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

## 10.3. Fichas de rexistro

### Fichas de rexistro das unidades estratigráficas

tempos arqueólogos

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

ÍNDICE DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

INTERVENCIÓN: _____ DATA: _____ PAX.___

| Nº UE | TÍTULO | U.R. | TIPO | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

UPDF
WWW.UPDF.COM

tempos arqueólogos

AENOR GESTIÓN DE LA CALIDAD ISO 9001

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

## FICHA DE UNIDADE ESTRATIGRÁFICA

Nº UE

| XACEMENTO: | | ANO: | | CÓD. INTERVENCIÓN: | | SECTOR: | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| TÍTULO UE | | | | | | | |

| Atributos | Valores | Atributos | Valores |
|---|---|---|---|
| Tipo UE | | Cor (positivas) | |
| Potencia | | Compactación (estratos) | |
| Orientación | | Granulometría (estratos) | |
| Inclinación | | Fotografía (non, indicar motivo) | Si / Non / - |

| | | |
|---|---|---|
| Dimensións (Lonx x Alt x Anch) | | Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible |
| Forma | | |
| Composición/Materiais | | |
| Frecuencia e tipo de materiais | | Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos |

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Debuxo | Si: Perfil: | | Planta: | | | | | | | | | Non | |
| Topografía | Si: Estación: | | GPS: | - | Fotogrametría | - | Cota máxima: | - | Cota mínima: | - | | Non | |
| Mostra | Si: Datación: | - | Flotación: | - | Testemuña | - | Outros | - | Material: | - | | Non | |

**Descrición**

.

Bosquexo/imaxe: Norte:

Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible
**Cortes**: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.
**Elementos construtivos:** materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.
**Interface construtiva:** forma, dimensións, observacións
**Bosquexo:** Indicar UE de maneira numérica no mesmo.
←↑→↓↖↗↘↙

| Relacións | | | |
|---|---|---|---|
| Cuberta por | | Igual a | |
| Reenchida por | | Cobre a | |
| Cortada por | | Reenche a | |
| Apóiaselle | | Corta a | |
| | | Apóiase en | |

**Interpretación**

| Redactor/a da ficha: | Data: | Fase: | Revisada: |
|---|---|---|---|

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

**Fichas de rexistro das mostras que se recollan.**

tempos arqueólogos
TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

## FOLLA ÍNDICE DE MOSTRAS

**ACTUACIÓN:** | **FOLLA Nº 1**

| Nº | DATA | SECTOR | UR | UE | MATERIAL | DESTINO (datación, analítica, etc) | COORD. | FOTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

## REXISTRO DE MOSTRAS

tempos arqueólogos

| ACTUACIÓN | SECTOR | CATA | URs | UE(s) | Nº |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| | |
|---|---|
| Rexistrado por | Data |

| | |
|---|---|
| RECOLLIDA | Tipo de material _____ |

Mostra dirixida a

| Datación | Carpoloxía | Palinoloxía | Ictiofauna | Malacoloxía | Fauna | Sedimentoloxía | Microfauna | Fosfatos | Antracoloxía | Outros |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Forma de recollida | Aleatoria | Agrupada | Illada | Total | Nº Litros:_____ |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Risco de achados intrusivos: | Alto: | Medio: | Baixo: |

Motivo do risco:

Tipo de estrutura / UE

Observacións e descrición da localización

| | | | |
|---|---|---|---|
| Rexistro gráfico | Sección | Plantas | Fotos |

ESQUEMA DO PERFIL / PLANTA

| | |
|---|---|
| Escala: | |
| UR(s): | |

Coordenadas esquina inferior esquerda

| | |
|---|---|
| X | |
| Y | |

NORTE



Botarase man, ademais do glosario de termo, dos esquemas anatómicos recollidos no Protocolo de Minnesota sobre a Investigación de Mortes Potencialmente Ilícitas (2016) coa finalidade de representar, de ser o caso, as características dos restos humanos que se identifiquen.

- **Esqueleto do corpo enteiro**



TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

- **Cranio – vista anterior e posterior.**





TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

- **Cranio – vista lateral (esquerda – I - e dereita – D - ).**






TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

- **Cranio – base e bóveda.**





TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

## 10.4. Material arqueolóxico

O material arqueolóxico atopado durante a intervención será vinculado á UE de localización e posteriormente lavado, siglado e inventariado, depositándose no museo que a Administración considere oportuno. A sigla proposta é: **FL25.UE/01** (Foxa Luou Ano 2025.número de UE/ número de peza). Será realizada unha base de datos de materiais, en formato Excel, no que se incluirá a sigla de cada fragmento, o material no que está realizado e súa tipoloxía, ademais de outros datos que poidan resultar de interese para a súa mellor identificación e contextualización.

Os restos óseos ou obxectos de índole persoal identificados entregaránselle ás familiares das persoas enterradas na foxa, xa que este tipo de restos non poden ser considerados como bens do patrimonio arqueolóxico dado que este tipo de restos pertencen ao dominio público e a Lei 52/2007, de
26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían os dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura, o destino dos restos humanos é a súa recuperación polos descendentes directos das persoas asasinadas, a súa identificación e eventual traslado a outro lugar ou a inhumación no cemiterio correspondente ao termo municipal no que se atoparan.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

## 11. Remisión de informes e memoria

Informarase á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do intre de inicio e finalización da intervención arqueolóxica, e ademais, en cumprimento do disposto no Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, emitirase o informe valorativo dos traballos no prazo máximo de 10 días (artigo 10) e da memoria interpretativa no prazo máximo de 12 meses, unha vez finalizada a actuación en campo (artigo 11).

## 12. Temporalidade da actuación e equipo arqueolóxico

Estimase que a actuación proxectada terá unha duración de dúas semanas, isto é, 10 xornadas laborais de escavación arqueolóxica.

Participan neste proxecto, como executores da sondaxe arqueolóxica:

**Director: Sergio Sánchez García[3]**

Graduado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela en 2015, Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade pola Universidade de Santiago de Compostela (2017). Arqueólogo profesional con experiencia en tarefas de dirección tanto en campo, obra ou gabinete, así como de ampla experiencia de apoio á dirección e de equipo técnico. Encárgase do traballo de rexistro e técnico en campo, na xestión e estudo de materiais, da elaboración documental e nos traballos planimétricos. Telf: 656514908.

**Asistente a dirección arqueolóxica: Iria López Vieitez**

Graduada en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela en 2021, Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade pola Universidade de Santiago de Compostela (2024). Arqueóloga profesional con experiencia na realización de sondaxes e escavacións en foxas da represión franquista, así como apoio ó equipo técnico. Encárgase dos traballos de escavación en campo e apoio a dirección. Conta igualmente con práctica no procesado de material arqueolóxico, recompilación de datos e redacción de informes e proxectos.

**Equipo técnico: Mª Tania Rial Figueiras**

Vicente López Novo e Florentino Palacios Menéndez, coincidindo co relato transmitido por un alumno de A. L. C. Na citada reportaxe participaron José Mosquera (1917), que foi o encargado de trasladar no seu carro os corpos ata Luou, así como Delia Iglesias (1921) e Divina (1933).

Á vista da pegada da memoria e documentos analizados, recollemos a continuación todas as hipóteses formuladas. En primeiro lugar, a magnitude real do operativo da Garda Civil puido ser moito maior da que aparece reflectida na causa, o que suxire que puido tratarse dunha operación planificada con antelación e non dun enfrontamento fortuíto. Para contrastar esta posibilidade solicitamos información ao Arquivo da Garda Civil e ao Arquivo General de Guadalajara sobre os gardas mencionados na causa, mais ao parecer non se localizaron datos relativos á operación. En segundo lugar, o feito de que dous dos corpos aparecesen afastados do lugar do suposto *combate* abre a posibilidade de que fosen capturados con vida, sometidos a interrogatorio e posteriormente executados.

En conclusión, o discurso oficial sustentado na *Ley de Bandidaje y Terrorismo* de 1947, construíu unha narrativa que presentaba os feitos como un simple enfrontamento armado contra *bandoleiros*. Porén, este tipo de actuacións encaixa nunha estratexia máis ampla de terror institucionalizado, destinada a quebrar calquera forma de disidencia e a reducir a resistencia antifranquista á condición de delincuencia.

UPDF
WWW.UPDF.COM


## 5. Indagación preliminar sobre as vítimas para a súa identificación e localización

Como fomos expoñendo, as vítimas que están soterradas no cemiterio do adro da igrexa de Luou son Vicente López Novo, Ricardo Fernández Carlés, Manuel Agrasar Cajaraville e Florentino Palacios Menéndez. Os cadáveres foron trasladados desde a aldea de Loureiro a Luou, situada a uns 2,6 km seguindo o Camiño Vello[20] que comunicaba dita aldea con Trasellas e a Igrexa.

Segundo a reportaxe citada anteriormente e a memoria oral recollida nas entrevistas realizadas a A. S. P. de 91 anos, e ML. S. P. de 87[21], a tarefa do traslado foi encomendada ao veciño coñecido como "O Mosquera", quen tería levado os corpos no seu carro, tal e como vimos no apartado anterior coa reportaxe de *El Correo Gallego* (2007)..

A nosa interpretación é que este traslado tivo lugar o día 20 pola mañá, coincidindo coa data sinatura da dilixencia da autopsia[22], que sería practicada na Casa de Fábrica ás 16 horas. Ese mesmo día, 20 de maio, unha vez inhumados os corpos, foron inscritas as defuncións tanto no libro parroquial como no Rexistro Civil[23] do Concello de Teo. Non se coñece a hora exacta da inhumación, xa que o párroco só indica que tivo lugar pola tarde, aínda que no Rexistro Civil as inscricións aparecen rexistradas entre as 18:00 e as 18:30 horas.

Se sostemos a hipótese de que dous dos membros da resistencia armada antifranquista foron executados nas inmediacións da aldea, é posible que isto acontecese no monte que separa Loureiro de Fornelos. Iso explicaría as referencias documentais e orais tanto á "Cruz de Loureiro" como a "Fornelos". De ser así, os corpos quedarían próximos ao camiño que comunicaba ambas aldeas, o único existente naquela altura.

[20] Hoxe este treito é parte da ruta de longo percorrido "GR-94 Andaina Rural de Galicia", que une Compostela con Vigo.
[21] Entrevista grupal a Araceli Sixto Parajó e a María Luz Sixto Parajó, o 20 de xuño de 2025.
[22] Páxina 14 da Causa 262/ 1948, Caixa 58.
[23] Se ben no libro parroquial non se fai alusión algunha á causa da morte, no rexistro civil indícase a socorrida "muerte por hemorragia interna".




Mapa: Camiño de Loureiro a Luou, Voo Americano Serie B (1956- 57). Cedido polo Arquivo Municipal de Teo e modificado por Lucía Santiago Sanmiguel.




Mapa: Camiño de Loureiro a Luou, PNOA Máxima actualidade. Cedido polo Arquivo Municipal de Teo e modificado por Lucía Santiago Sanmiguel.

UPDF
WWW.UPDF.COM






Minuta ING (1940). Fonte: Arquivo Municipal de Teo.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
histagra Grupo de Historia Agraria e Política do Mundo Rural USC
CISPAC Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais




Plano de Luou onde se pode ver por onde entra o camiño de Loureiro. Traballos fotográficos do IGN 1940. Fonte: Arquivo Municipal de Teo.

UPDF
WWW.UPDF.COM

Imaxe para exemplificar a distancia mencionada nas dilixencias do xuíz e do médico forense, que situaban os corpos de Manuel Agrasar Cajaraville e Vicente López Novo afastados sobre 500 metros do lugar do pendello, no monte Fornelos. Fonte: Visor IGN, PNOA Máxima Actualidade.

UPDF
WWW.UPDF.COM

1) Camiño Loureiro a Luou: zona da Cruz de Loureiro, mistura de eucaliptos con carballos 2) Camiño Loureiro a Luou: zona do Pau de Lobo 3) Camiño Loureiro a Luou: parte do muro antigo que aínda se conserva 4) Camiño Loureiro a Luou: vista do Pico Sacro. 5) Camiño Loureiro a Luou: GR-94 Andaina Rural de Galicia. Fotografías de Lucía Santiago Sanmiguel elaboradas durante a visita de campo ao longo do camiño vello que une Loureiro coa igrexa parroquial, acompañada polos informantes Álvaro Parajó e Pablo Sanmartín.

UPDF
WWW.UPDF.COM


Unha vez trasladados, os corpos foron depositados no depósito parroquial, situado na Casa de Fábrica, hoxe coñecida como Casa do Belén. Alí practicáronlles a autopsia os médicos José Raviña Valdés e Francisco Mateo Martín, antes de seren inhumados nas inmediacións da mesma edificación. En relación co lugar de enterramento das catro vítimas, todas as fontes apuntan á mesma área de sepultura. A fosa común na que repousan semella localizarse xunto á parede sur da Casa do Belén, no cuadrante delimitado entre o patín da edificación e o osario. Así o recolle a causa: "(...) fueron inhumados en una fosa situada a unos cincuenta cm de la pared sur de la casa de Fábrica, distante a unos siete metros de la pared sur del cementerio"[24].

Estas distancias coinciden coas referencias achegadas pola veciñanza e coa memoria transmitida a través da historia oral. Na nosa visita de campo tamén puidemos comprobar que as distancias indicadas no sumario poden corresponder co espazo.

En referencia á fosa a veciña A. S. P.[25] tamén sinalou durante unha das visitas de campo que:

> "Os familiares de dous ou de tres dos que enterraron aí... viñeron moitísimos anos polo día de difuntos a poñer flores e todo iso, enriba de onde estaban, que estaban todos xuntos nunha fosa grande alí. Está ao lado do osario. Tiñan unha cruz de madeira que lles puxeran os familiares... Agora hai moitos anos que non veñen, deberon morrer os pais deles e acabou. A cruz pudreuse e sacaríana e alá".

En consecuencia, a nosa conclusión preliminar, previa á análise no punto 7 sobre o espazo a intervir e á intervención arqueolóxica, é que os restos das catro vítimas permanecen nesta localización.

[24] Causa 239/1948, AIMNOR
[25] Entrevista grupal a Araceli Sixto Parajó e a María Luz Sixto Parajó, o 20 de xuño de 2025.

UPDF
WWW.UPDF.COM




Imaxes da Casa de Fábrica (hoxe coñecida como Casa do Belén). A frecha sinala o lugar no que, segundo as dilixencias e a memoria oral, se situaría a fosa común: o espazo comprendido entre o patín da edificación e o osario, xunto á parede sur da casa. Fotografías de Mario César Vila.

UPDF
WWW.UPDF.COM


A continuación, ofrecemos máis información sobre cada unha das vítimas, incluíndo os datos do informe facultativo da autopsia[26], que contén descricións de gran dureza e que reproducimos unicamente para a análise da equipa.

### 5.1. Manuel Agrasar Cajaraville, "Barbarroxa"[27]

Manuel naceu na Matanza, parroquia de Iria Flavia (Padrón) no ano 1912. Fillo de María e Ramón, estaba casado con María Cortiñas Bóveda, coa que tería tres fillos. Segundo a base de datos *Nomes e Voces*, Manuel era de profesión carpinteiro[28] e con 23 anos fíxose mariñeiro voluntario. O 12 de xullo de 1937 abríuselle a primeira causa[29] por non se presentar ás filas para no distrito de Cangas. Pouco despois, segundo a causa 1094/1937[30], Manuel xunto con outros tripulantes do destructor *José Luís Díez* foron xulgados por rebelión e condenados a cadea perpetua, xa que segundo dito sumario prenderan aos oficiais e puxeron o buque ao servizo da República.

O 31 de maio de 1937 a Mariña Auxiliar de Euskadi fíxose cargo do barco e renovou parte da súa dotación, mais Manuel permaneceu na tripulación (degradado de sarxento a cabo) e participou en operacións como a "Operación Péndulo" en agosto.

[26] Páxina 15 da Causa 262/1948, AIMNOR
[27] Imaxe de Manuel Agrasar Cajaraville. Fonte: *Nomes e Voces.*
[28] Referencia que aparece nas Fichas da Prisión Central de Santa Isabel, Santiago de Compostela.
[29] Causa 425/1937 do Arquivo Naval de Ferrol.
[30] Causa 1094/1937 do Arquivo Naval de Ferrol.

UPDF
WWW.UPDF.COM



AGRASAR
Manuel
CAJARAVILLE

Figura como Cabo del Cuerpo de Ejercito de Euzkadi, Bon. de Infanería nº 1, ascendido a Sargento. Aguera, 4-8-37. (Santander. Carpeta. 7. Serie. "D". Fol. 8.)

Ficha de Manuel Agrasar Cajaraville. Fonte: Centro de Documental da Memoria Histórica. Ref. Ficheiro ES.37274.CDMH/4//DNSD-SECRETARÍA,FICHERO,1,A0012543.

En setembro de 1939 foi capturado polas forzas falanxistas e condenado a 20 anos de prisión polo Tribunal Militar de Ferrol, pena que lle foi conmutada. Rexistros da Prisión Central de Santa Isabel (Santiago) confirman o seu ingreso o 10 de abril de 1939 e a súa saída o 10 de maio de 1941.

Non se conservan datos precisos sobre a vida de Manuel nos sete anos seguintes á súa saída da prisión, mais resulta probable que sufrise a persecución e o control do réxime, dado que Padrón, como outros moitos lugares de Galicia, foi escenario dunha intensa violencia represiva. No III Seminario sobre a Memoria[31], celebrado os días 1, 2 e 3 de xuño de 2012 nun itinerario entre Melide e Rianxo, lembrábase que ao menos dez persoas de Padrón foran fusiladas en Santiago de Compostela. A isto engádense espazos de violencia na propia parroquia de Agrasar, como a antiga Azucreira reconvertida en Campo de Concentración, a Casa dos Cóengos utilizada como cuartel e residencia da Garda Civil, ou o cemiterio de Adina, onde segundo a memoria da veciñanza repousan presos do campo.

[31] Actas do III Seminario sobre a memoria: ”A guerrilla e os campos de concentración”. 1, 2 e 3 de xuño de 2012.

UPDF
WWW.UPDF.COM


Neste contexto, e pola súa traxectoria previa de loita no bando republicano, non sería de estrañar que Manuel Agrasar Cajaraville tivese que levar unha vida discreta e mesmo se vise obrigado a refuxiarse nos montes. Segundo recolle Lupe Martínez (2023: 85), Agrasar actuou como enlace, avisando ao barbeiro Enrique Rodríguez Fernández para que acudise á súa casa a atender a Ricardo Fernández Carlés (que aínda non se incorporara á agrupación guerrilleira) e tamén a José Ramuiñán Barreiro e Benigno Andrade García. Foi ao redor destas datas cando, tras a morte en abril de 1948 de Miguel Nicolás Esperante "O Corcheiro" e a reorganización da V Agrupación do Exército Guerrilleiro, tanto Manuel como Ricardo, veciño de Pontecesures, se integraron nela.

Non sabemos con certeza se o 30 de abril de 1948 Manuel Agrasar, xunto con Ricardo Fernández Carlés, participou con Foucellas no atraco de Carracedo[32]. Nesa ocasión, os *guerrilleiros* presentáronse na casa de Dolores de la Torre Iglesias preguntando polo seu marido, coñecido falanxista, que non se encontraba no domicilio. O que si parece seguro é a súa presenza en Lampai o 5 de maio, tal e como se recolle no apartado 4.1 sobre a V Agrupación do Exército Guerrilleiro en Teo. Poucos días despois, Manuel sería vítima da emboscada da Garda Civil na aldea de Loureiro.

### 5.1.1. Información adicional para a identificación de Manuel Agrasar Cajaraville

Segundo as dilixencias de inspección ocular, o seu cadáver foi localizado a medio quilómetro do pendello da casa dos Vilas, e as de levantamento de cadáveres sitúano no denominado monte de Fornelos. O corpo aparecía en posición de cúbito prono, coa cabeza orientada cara ao norte, presentando múltiples feridas de arma de fogo en diferentes partes, incluída a cabeza, con orificio de saída. Vestía unha chaqueta clara e pantalóns *breeches* de pana castaño claro.

[32] Causa 225/1948, AIMNOR.

UPDF
WWW.UPDF.COM


O informe facultativo da autopsia:

- Hábito exterior: tres orificios de ferida de arma de fogo, dous localizados na fronte e un na rexión parietal dereita. Todos eles presentaban orificios de saída na zona oposta, provocando unha importante desfeita e perda de substancia ósea, así como rachaduras coincidentes no coiro cabeludo.
- Cavidade cranial: non se puido abrir pola desfeita que produciron as feridas de bala. Observouse unha profunda atrición dos tecidos da substancia nerviosa, aparecendo a caviade practicamente baleirada.
- Nin na cavidade torácica nin na abdominal "se pudo recoger dato alguno digno de mención".

Non se conservan referencias sobre as pertenzas que puidese portar no momento da súa morte. Na actualidade, a súa neta Elena Vidal Agrasar e súas irmás manifesta a vontade de recuperar os restos do seu avó para trasladalos xunto á súa avoa, María Cortiñas Bóveda.

UPDF
WWW.UPDF.COM


### 5.2. Ricardo Fernández Carlés

Ricardo Fernández Carlés naceu en 1913 en San Xulián, parroquia de Pontecesures que naquela época pertencía ao concello de Valga[33]. Solteiro e de profesión labrego, era fillo de José e Josefa e irmán de Francisco e Carmen. Foi precisamente esta última quen lle comunicou ao párroco de Teo o 20 de maio de 1948 que Ricardo tiña 35 anos no momento do seu asasinato.

Segundo a información recollida nas visitas de campo e na árbore xenealóxica familiar, Ricardo non tivo descendencia. O seu irmán tampouco a tivo, e da súa irmá Carmen só quedaron tres fillos que ao parecer tampouco tiveron continuidade familiar. O sobriño-neto de Ricardo que vive en Pontecesures, Carlos Abalo García, expresou o seu desexo de recuperar os restos do seu parente para trasladalos ao camposanto no que descansan outros membros da familia.

De acordo coa base de datos *Nomes e Voces*, co golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 Ricardo xunto con outros veciños saíu á rúa para tentar facer fronte aos sublevados. Foi xulgado en Pontevedra, xunto cos 19 veciños, por "auxilio á rebelión militar" (Causa 302/1937, AIMNOR). Inicialmente foi candeado a 15 anos de cárcere, mais a pena foi reducida a dous e sairía da cadea en novembro de 1938.

A seguinte pegada documental remítenos a 1945, cando residía en Bretoña (A Pastoriza, Lugo), onde traballaba como xornaleiro. Nese ano foi procesado na Causa 238/1945 polo Xulgado Militar Eventual nº 4 de Lugo, acusado de "atraco a mano armada y relación con huídos". Ingresou en prisión en xullo e foi posto en liberdade o 22 de outubro.

Na súa declaración[34] Ricardo proclamou a súa inocencia e presentou a súa coartada. Ademais de que foi sometido a diversas roldas de recoñecemento polas presuntas vítimas as cales non

[33] En 1925 Pontecesures segregaríase de Valga e acadaría a entidade de Concello.
[34] páxina 11 da Causa 238/1945

UPDF
WWW.UPDF.COM


o identificaron como un dos seis autores, no día dos feitos atopábase na casa dun veciño realizando a sega e acompañado doutras persoas.

Nesta mesma dilixencia na que presentou declaración, Ricardo detallou a súa vida laboral desde que saíu de Pontecesures en novembro de 1942: primeiro foi para en Valencia, onde estivo traballando sete meses cun contratista de obras chamado José Tormes; logo en Barcelona (xuño de 1943) con outro contratista; en agosto en Balaguer (Lleida), como obreiro durante dous meses; en outubro en Zaragoza, onde participou na vendima, e posteriormente en Longares, traballando na guarnecería. Máis tarde trasladouse a Burbáguena (Teruel), para traballar tamén na vendima, e en decembro de 1943 regresou a Valencia para traballar na "Compañía de Obras y Hormigones". En maio de 1944 desprazouse a Bilbao, mais ao non atopar traballo continuou cara Asturias e, tras non conseguir emprego, regresou a Galicia para instalarse en Bretoña, onde o conseguiu como xornaleiro na casa na que estaba cando foi detido.

Tras esta causa hai un baleiro biográfico ata 1948, cando aparece xa vinculado á V Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia. Podemos deducir que tras a súa detención en Lugo regresaría á súa terra natal, onde acabaría vinculándose de forma activa co movemento armado antifranquista. Con todo, apenas un mes despois da súa incorporación sería asasinado (Martínez, L. 2023: 220).

Segundo consta na páxina 3 da Causa 262/1948, no momento da súa morte levaba consigo unha libreta de inscrición marítima, unha carteira con cen pesetas en billetes, unha cartilla militar da Mariña de Guerra co certificado de liberdade e tres fotografías: unha dunha muller, outra súa e dúas conxuntas ao parecer tamén del. Ningún destes obxectos se conserva na causa, por orde de Nemesio Portal Aparicio o diñeiro foi ingresado nas *Arcas del Tesoro*, a libreta e a cartilla remitidas á Comandancia da Mariña, a carteira inutilizada e as fotos sen máis referencia.

UPDF
WWW.UPDF.COM


Non están incluídas neste informe as informacións presentes na seguinte relación de documentos solicitados xa que aínda non os recibimos:

- Do Arquivo Militar de Guadalajara: "Penas ordinarias conmutadas" da Comisión de Pontevedra. Referencia: ES.19030.AGMG/6.1.1. Caixa 300288, Expediente 9298.
- Do Centro Documental da Memoria Histórica, o expediente de responsabilidades políticas de Ricardo Fernández Carlés. As referencias son: Tribunal Nacional de Responsabilidades Políticas (Centro Documental de la Memoria Histórica). 75/00027, Pontevedra. Indulto de 1960. Notas: Audiencia provincial da Coruña. Do mesmo centro outro expediente de responsabilidades políticas de 1941: 75/00223. Pontecesures. Indulto (1941 - 1941). Notas: Tribunal de Responsabilidades Políticas de La Coruña

**5.2.1. Información adicional para a identificación de Ricardo Fernández Carlés**

Segundo as dilixencias de levantamento de cadáveres, Ricardo foi atopado nas inmediacións da casa de Vilas deitado en posición de cúbito supino e coa cabeza cara o sueste. Presentaba múltiples feridas de arma de fogo na cara e no pescozo, moi desfeito na parte esquerda. O brazo dereito estaba estendido en cruz, e o esquerdo repousaba sobre o corpo. Vestía camiseta de punto branca interior, camisa percal con listas brancas e vermellas, chaleco de punto marrón, pantalón e americana de corte gris escura con listas brancas, zapatos de becerro sen tinguir e calcetíns de algodón marrón.

O informe da autopsia (páx. 14 da causa) describe:

- Hábito exterior: presenta unha extensa ferida no pescozo duns quince centímetros de extensión por dez de anchura, que abrangue pel, tecido celular subcutáneo, plano muscular e vasos do pescozo; ferida que, polo seu gran desgarro, parece producida polo estalido dunha granada de man, resultando alcanzado polo percutor ou por unha das porcións máis grosas da metralla habitual desas armas.

UPDF
WWW.UPDF.COM


- Cavidade cranial: resultou alcanzada pola forza explosiva e o cranio quedou aberto en comunicación coa ferida do pescozo, que se prolongaba pola cara, de onde resultou que a base do cranio presentaba unha grosa solución de continuidade, sen que a destrución do tecido nervioso fose tan considerable como nos outros tres casos [refírese aos outros cadáveres], pero cunha destrución suficiente para facela incompatible coa vida.
- Cavidade torácica: aberta a cavidade torácica, observouse que presentaba adherencias pleurais e sangue líquida no corazón. Non presentaba outras lesións de violencia.
- Cavidade abdominal: ningún dato de interese digno de mención.

UPDF
WWW.UPDF.COM


### 5.3. Vicente López Novo, "El hijo de la Nova" e "Rufino"

Vicente López Novo, coñecido polos seus alcumes de *Rufino* e *El hijo de la Nova*, naceu en Santa Uxía de Ribeira. Segundo o padrón de habitantes, era fillo de Carmen López Novo e non tivo irmáns. Os datos sobre o seu nacemento son difusos e sitúase entre 1917 e 1919[35]; ao igual que o nome do pai non aparece en ningún rexistro da casa familiar. Porén, na ficha consultada no Centro Documental da Memoria Histórica e na Causa 1648 de 1939 da Plaza de Castellón de la Plana, figura a referencia a un xornaleiro chamado Antonio como suposto pai. Sobre o nacemento, na folla 3 da causa, Vicente indicou que naceu o 18 de febreiro de 1918; no rexistro de nacemento figura que foi o 20 de febreiro de 1918 e só figura de novo a nai. Sexa como for, Vicente levou os apelidos maternos e todo parece indicar que naceu en 1918.

Segundo o padrón de habitantes do Concello de Ribeira, Vicente e súa nai vivían en Deán Pequeno nº 5, xunto coa avoa de Vicente, Ramona Novo Martínez, viúva xa desde 1906. Ramona tería os seguintes fillos: Carmen (nai de Vicente), Ventura (tío de Vicente e mariñeiro) e Vicente (tío de Vicente), este último debeu morrer de cativo, pois non volve figurar en rexistros posteriores a 1906. Semella que é en lembranza a ese tío que Vicente leva o seu nome.

No padrón de 1930 aparecen residindo no mesmo enderezo Ramona, Carmen e o pequeno Vicente, entón de 13 anos; Ventura figura como ausente. Dez anos despois, en 1940, Ramona e Carmen seguen na mesma casa, e tanto Ventura como Vicente constan como ausentes; situación que se prolonga no tempo ata a morte de Ramona. No padrón municipal de 1970 Carmen, que tería ao redor de 76 anos, vivía soa na mesma aldea, na casa con nº 102.

Todo isto leva a pensar que Vicente non deixou descendencia directa. O CRMH do Barbanza e uns veciños de Deán Pequeno están na procura de posibles parentes pola rama da súa avoa

[35] No Padrón Municipal de Ribeira de 1930, aparece como que ten 13 anos, e no de 1940 figura que naceu no 1918. Por outro lado, na acta de defunción do Rexistro Civil de Teo figura como que naceu en 1919, e no libro parroquial de defunción non se fai alusión á súa idade.

UPDF
WWW.UPDF.COM


Ramona, pola do posible pai biolóxico ou pola do tío Ventura, mais por agora non se atoparon indicios de descendentes en Ribeira.

En canto á súa vida laboral, sindical e política, Vicente era mariñeiro e estaba afiliado ao "Sindicato General de Trabajadores" (SGT), de orientación cenetista (Fernández E., e Pereira, D., 2003: 419). A partir de 1935 este sindicato impulsou o Sindicato de Industria Pesquera (SIP), que en 1936 contaba con 1.500 afiliados en Ribeira (Pereira, 2005: 108), ao que Vicente puido incorporarse.

Co golpe militar de 1936, o Barbanza converteuse nun "campo abonado para unha represión mortal que dirixiu as súas rabexadas máis salvaxes cara aos militantes dos partidos obreiros e sindicatos de clase" (Ibídem, 2005: 139). Entre as vítimas estiveron destacados sindicalistas de Ribeira: Marcial Vicente Iglesias Rodríguez, secretario do SGT da CNT, executado en Compostela o 9 de xullo de 1937; o cenetista José Lijó Louro, coñecido como "Pepe o Cocheiro", tamén executado en Compostela en xaneiro de 1937; Julio Silva Vilas, directivo da UXT, igualmente executado en Compostela; Manuel Fernández Sendón, uxetista e piloto da mariña mercante, que correu a mesma sorte; ou Eugenio Rodríguez Bilbao, médico afiliado ao PSOE, tamén executado.

Outro caso foi o de José Sieira González, mariñeiro pertencente ao SGT da CNT, que foi torturado nas dependencias da Garda Civil do Porto do Son antes de ser executado e enterrado no cemiterio xeral de Boisaca. A todos eles abríuselles unha causa por rebelión, xunto con outros veciños de Ribeira acusados de dirixir a resistencia ao golpe, requisar armas, vehículos e radios, entre outros feitos. A Causa 456/1936 (AIMNOR) concluíu coa súa condena á pena de morte.

Neste contexto, cabe a hipótese de que Vicente, para evitar a mesma sorte que outros sindicalistas da contorna, optase por fuxir ao monte. Segundo a interpretación de Dionisio Pereira, puido vincularse con José Fernando Fernández Vázquez, "comandante Soutomaior", do Partido Comunista e natural da Pobra do Caramiñal, na súa tentativa de artellar unha resistencia armada que rematou a finais de 1937, cando este regresou á mariña republicana.

UPDF
WWW.UPDF.COM


A seguinte pegada documental sobre Vicente é de 1938:


LOPEZ
Vicente
NOVO

Natural de Santa Eugenia de Ribeira(Coruña)Hijo de Antonio y Carmen-Marinero-Afiliado a la C.N.T.-Perteneciente a la 5ªBandera de la Legión(19 Compañia) Evadido de la Zona Nacional a la Roja a las 18,30 h del 12-1-1938
(S.M. Leg.10.684 Exp.28

Ficha de Vicente López Novo. Fonte: Centro de Documental da Memoria Histórica. Ref. Ficheiro ES.37274.CDMH/4//DNSD-SECRETARIA,FICHERO,36,L0061047 .

Esta ficha abriu novas posibilidades na procura de datos sobre Vicente. A partir dela localizamos o *Boletín Oficial del Estado* de 1943[36], no que se recollían as liberdades condicionais da Prisión Central de San Miguel de los Reyes, en Valencia[37]. Nese documento aparece o nome dun Vicente López Novo, aínda que nun primeiro momento non sabiamos se se correspondía coa persoa obxecto da nosa investigación. En todo caso, xurdía a posibilidade de que estivese penado por deserción da Lexión. A data de liberación sería o 26/07/1943, baixo a fórmula de "libertad condicional provisional, con la liberación definitiva del destierro".

Para contrastar esta hipótese solicitamos ao Arquivo do Tribunal Militar Territorial nº 1 de Madrid a Causa 1648 de 1939[38], de Castellón, xunto con outra documentación que aínda está

[36] BOE número 235 DE 23/08/1943, páxina 8191 (columna 1). Ligazón de consulta: https://boe.es/datos/pdfs/BOE/1943/235/A08190-08194.pdf#page=2
[37] Non atopamos o seu nome durante a consulta da "Pieza terceira de Valencia, Cárceles y Sacas" no PARES. Código de referencia: ES.28079.AHN//FC-CAUSA_GENERAL,1391,Exp.1
[38] Serie: Sumarisimos, Castellón, 1939. Referencia: Sumario 1648, Caixa 14130, Orde 4

UPDF
WWW.UPDF.COM


pendente de recibir[39]. Neste sumario atopamos informacións de gran interese que abren novas vías de estudo e análise, mais que aquí nos limitamos a describir atendendo á natureza deste informe.

O sumario reafirma que Vicente era mariñeiro e estaba afiliado á CNT, circunstancia que, fose cal fose a súa actividade real, resultaba suficiente para situalo no punto de mira das autoridades como inimigo e "facedor de todo mal". Na páxina 5 da causa, as autoridades da Coruña afirman que formou parte "de la guardia roja del pueblo (...) habiendo practicado registros a mano armada (...) afiliado a la sociedad sindical titulada CNT siendo sus ideales de un marxista; y su conducta observada fué mala, llegando al extremo de maltratar a sus familiares y de embriagarse constantemente". Aínda que a CNT era unha organización de carácter anarquista, que non marxista, cómpre subliñar que a afiliación sindical no contexto rural non implicaba necesariamente unha militancia política definida, senón que moitas veces respondía a necesidades laborais ou comunitarias.

Na súa declaración (páxina 8 da causa), Vicente relata que cando estalou o "Movimiento Nacional" se atopaba en Ribeira e que non pertencía a ningún partido nin sindicato, nin tampouco participara nos rexistros realizados durante os tres ou catro días nos que funcionou o "Comité Rojo". Afirma, ademais, que en agosto de 1936 se alistou en Barcelona "por no tener medio de vida", e que o 12 de maio de 1937 ingresou na Lexión, permanecendo nela ata o 12 de xaneiro de 1938. Durante ese tempo estivo na 5ª Bandeira, no fronte de Madrid, e cando se dirixían cara Estremadura, decidiu desertar xunto cun compañeiro tras coñecer que os "nacionales" perderan en Teruel. Pasáronse entón ao bando republicano e foron enviados primeiro a Barcelona e despois a Almería, onde foron destinados á 221 Brigada, permanecendo inicialmente na retagarda ata que os enviaron á fronte. Porén, ao día seguinte de chegar ao fronte de Levante, Vicente volveu pasarse ao bando franquista e, en palabras

[39] Estamos á espera de recibirmos: do Arquivo Militar de Guadalajara: "Comision Central de Examen de Penas. Penas de morte conmutadas. Comisión de Castellon. Referencia: ES.19030.AGMG/6.1.1. Caixa 300094, Expediente 7264". Do Arquivo do Tribunal Militar Territorial 1 de Madrid: "Serie: Sumarisimos. Madrid. Referencia: Sumario 57352, Legajo 2823".

UPDF
WWW.UPDF.COM


dos mesmos, “creyendo que al pasarse otra vez a los Nacionales le perdonarían el haberse pasado anteriormente a los rojos”.

Resulta difícil interpretar con precisión que levou a Vicente a actuar deste xeito. Posiblemente se tratase dunha estratexia de supervivencia nun contexto de persecución. Do mesmo xeito, os seus cambios de bando poden interpretarse como expresión do medo, da confusión ou simplemente da vontade de salvar a vida.

Finalmente, Vicente foi apresado e internado no Campo de Concentración de Castellón. En 1939 foi xulgado por “delito de adhesión a la rebelión militar” e tamén por traizón. A sentenza inicial foi a pena de morte, conmutada posteriormente a 30 anos de cárcere e despois reducida a 12. Cumpriu catro deles na prisión de San Miguel de los Reyes, onde ingresou o 20 de febreiro de 1939. Nese tempo sabemos, polo menos, que recibiu unha carta da súa avoa Ramona.

O 27 de abril de 1943 obtivo a liberdade condicional con residencia fixada en Ribeira, na rúa Arenal. Porén, ese mesmo ano unha providencia do xuíz García Otero de Touro recolleu que non se lle puidera notificar a denegación dos beneficios de prisión atenuada porque nin esa rúa existía nin Vicente era coñecido na parroquia.

Desde a súa saída en liberdade condicional, a información dispoñible é fragmentaria, pero todo apunta a que Vicente seguiu fuxindo e sobrevivindo como puido, ata acabar integrándose na resistencia armada antifranquista. As seguintes referencias documentais lévano xa a 1947, cando se incorpora á V Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia xunto con Julio Bazarra Constenla, veciño da Pobra do Caramiñal. En 1948 aparece como responsable dun dos destacamentos da Agrupación, cargo que mantivo ata a reunificación posterior á morte do Corcheiro.

O sumario continúa alimentándose de providencias, dilixencias e burocracia xudicial ata 1951, ano no que se dá por extinguida a súa pena, cando Vicente xa levaba tres anos falecido.



RE 1440 16-12-50
Reiterado 1554 11-8-51
Núm. 2736 16-12-50
64 14
M.B.
2258-91
Valencia del Cid a 13 de Diciembre de 1947.

De conformidad con el anterior dictamen de mi Auditor ACUERDO el licenciamiento del penado VICENTE LOPEZ NOVO extinguirá para el día 16 Febrero 1951 el cual quedará en libertad definitiva por lo que respecta a la causa n.º 1648-C-39 Vuelvan las actuaciones al Juez Militar de Ejecutorias de Castellón para cumplimiento, notificación a la cárcel y constancia en autos.

EL CAPITÁN GENERAL

Folla 64 da Causa 1648/1939

### 5.3.1. Información adicional para a identificación de Vicente López Novo

Segundo as dilixencias de levantamento de cadáveres, o corpo de Vicente López Novo apareceu arrimado ao de Manuel Agrasar Cajaraville, en posición de cúbito lateral esquerdo e cos brazos dobrados. Presentaba varias feridas producidas por arma de fogo na *paletilla* esquerda e no cranio, con orificio de saída. Vestía pantalón e americana de corte azul mariño, camisa branca con listas de cor e presentaba calvicie na parte alta da cabeza.

O informe da autopsia recolleu o seguinte:

- Hábito exterior: ademais dos signos cadavéricos habituais (livideces, rixidez etc.), presentaba dúas feridas de bala na fronte, e estaba ensanguentado.

UPDF
WWW.UPDF.COM


- Cavidade cranial: ao abrir a cavidade observouse unha gran desfeita do encéfalo e das súas envolturas, localizándose no occipital un amplo boquete na calota, correspondente á saída dos dous proxectís que coinciden na parte central, e levantando as partes brandas saían ao exterior. Como consecuencia, tanto o cerebro como o cerebelo aparecían intensamente ensanguentados e "hechos una pulpa", especialmente na base, dado que as balas atravesaran os núcleos basais.
- Cavidade torácica: non se apreciaron datos de interese en relación coa causa da morte. O corazón estaba exsangüe e os pulmóns ennegrecidos de fumador.
- Cavidade abdominal: ningún dato relevante para a determinación da morte.

Segundo consta na páxina 3 da Causa 262/1948, no momento da súa morte Vicente López Novo portaba unha carteira na que se atoparon dous billetes de cen pesetas e unha imaxe da Pasionaria. Do mesmo xeito que no caso de Ricardo Fernández Carlés, ningún destes obxectos se conserva actualmente na causa: os cartos foron ingresados nas arcase non hai constancia posterior do resto de pertenzas.

Con respecto a esta cuestión, realizamos diversas consultas no Tribunal Militar nº 1 de Madrid, onde se nos indicou que non existe documentación sobre o destino das pertenzas das persoas falecidas e inhumadas en fosas comúns. Só de maneira contextual e a través de determinados relatos pode deducirse que, nalgúns casos, os obxectos eran entregados ás familias, mais sen certeza de que isto se producise de forma sistemática.

UPDF
WWW.UPDF.COM


### 5.4. Florentino Palacios Menéndez, "Tino"

Para a identificación da cuarta vítima atopámonos nun principio con diferentes versións sobre o seu nome. Na propia causa relativa ao 19 de maio de 1948 aparece citado como *Constantino Menéndez*, e o mesmo acontece no Rexistro Civil, onde se inscribe a súa morte sen facer constar nin a súa procedencia. Porén, engadiuse posteriormente unha nota aclaratoria coa rectificación do seu nome completo, idade e lugar de nacemento. Trátase de Florentino Palacios Menéndez, coñecido como Tino, de profesión mineiro, nacido en 1923 e fillo de Joaquín e Sabina. Florentino era natural da aldea de Los Cuarteles de Peñarrubia, da parroquia de Lada (Langreo, Asturias).

Segundo Lupe Martínez (2023: 299), Florentino Palacios Menéndez exerceu como enlace e participou nos *Caxigales* ata a caída do Partido Comunista en Asturias. Nese momento tentou cruzar a fronteira polos Pireneos, mais ao fracasar incorporouse á resistencia antifranquista galega xunto con Manuel Rodríguez Gundín, alcumado "O Asturiano".

A mesma autora sinala que Florentino tería participado directamente na execución de Víctor García, coñecido como *o Brasileño*. Con todo, outras fontes ofrecen versións alternativas: Víctor Manuel Santidrián Arias (2002: 298), ao tratar a caída de José Gómez Gayoso, recolle a interpretación de Seoane que atribúe a autoría material da morte do Brasileño a Eugenio Rueda Perosanz, natural de Oviedo e tamén alcumado "O Asturiano".

O certo é que o Brasileiro, do mesmo xeito que Florentino ou Rodríguez Gundín, tentou cruzar os Pireneos trala caída da resistencia en Asturias. Tanto Florentino como Rueda traballaron nas minas de Fontao (Silleda), un espazo determinante no artellamento do PCE en Galicia e que funcionou como punto de encontro de numerosos militantes antifranquistas. Cómpre subliñar que a familia do Brasileiro permanecera agochada durante un tempo en Sama de Langreo, no mesmo concello no que nacera Florentino, o que podería explicar vínculos previos entre ambos.

UPDF
WWW.UPDF.COM


Sen afondar aquí na figura do Brasileiro, parece claro que o Partido Comunista tivo un papel determinante na súa eliminación, por consideralo unha figura incómoda dentro da organización. Pola súa parte, o Brasileiro buscou refuxio no grupo volante dos Corcheiros, pertencente á V Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia, na que Florentino se integrara en 1947. Todo apunta a que foron precisamente guerrilleiros vinculados a esta agrupación os que executaron a orde: un ano máis tarde, en 1948, Víctor García aparecería morto. Neste mesmo ano Florentino tamén é a cuarta vítima inhumada na fosa da igrexa de Santa María de Luou, o 20 de maio de 1948, nos sucesos de Loureiro.

Na actualidade non se localizaron descendentes de Florentino. Mantemos contacto coa xornalista Patricia Martínez e co Concello de Langreo.

### 5.4.1. Información adicional para a identificación de Florentino Palacios Menéndez

As dilixencias de levantamento de cadáveres indican que o corpo de Florentino Palacios Menéndez foi atopado nas inmediacións da coñecida como *casa de Vilas*, en Loureiro, a uns catro metros do de Ricardo Fernández Carlés.

Descríbese así: tendido no chan, en cúbito supino, coa cabeza orientada ao noroeste. O brazo dereito estendido formando cruz co corpo, o esquerdo ao longo do corpo. Presenta ferida no ollo esquerdo, baleirado e con de saída pola cabeza; e outra ferida no corpo, entre o esterno e a gorxa. Vestía camiseta de punto branca, sobre ela unha pescadora gris moi clara, chaqueta escura con listas brancas,  pantalón *breeches* de pana negra e sen zapatos.

O informe de autopsia engade máis detalles:

- Hábito exterior: home adulto, de entre 25 e 30 anos. Presenta dúas feridas de arma de fogo que penetran pola rexión temporal dereita e polo ollo dereito, saíndo pola caluga a primeira e un pouco máis á esquerda a segunda, lesionando ambas todo o sistema basal do encéfalo.

UPDF
WWW.UPDF.COM


- Cavidade cranial: as desfeitas correspondentes ás feridas e traxectos *lesionales* descritos no hábito exterior.
- Cavidade torácica: ferida de bala que entra á altura do sexto espazo intercostal e sae xunto ao *raquis* á altura da décima costela, aínda que sen lesionala.
- Cavidade abdominal: o estómago contiña restos alimenticios en proceso inicial de dixestión. Detectouse sangue espesa e coagulada na rexión máis declive correspondente á ferida que presenta o fígado na parte superior ou convexidade, resultado do disparo que procede do tórax do lado oposto e alcanza a porción mais elevada e posterior da víscera.

## 6. Fichas resumo sobre as vítimas

|  | **MANUEL AGRASAR CAJARAVILLE** | |
|---|---|---|
| **Datos persoais** | **Natural de** | A Matanza (Iria Flavia - Padrón) |
| | **Veciño de** | Idem. anterior |
| | **Idade** | 35-36 |
| | **Profesión** | Carpinteiro, mariñeiro e logo militar |
| | **Filiación/s** | - |
| | **Data, lugar de morte** | 19 ou 20 de maio de 1948<br>Monte de Fornelos, aldea de Loureiro |
| | **Resumo** | Hipótese de que fora apresado e asasinado na noite do 19 para o 20 de maio. Segundo sumario: corpo en posición de cúbito prono, coa cabeza orientada cara ao norte, presentando múltiples feridas de arma de fogo en diferentes partes, incluída a cabeza, con orificio de saída. Vestía unha |

UPDF
WWW.UPDF.COM


| | | |
|---|---|---|
| | | chaqueta clara e pantalóns *breeches* de pana castaño claro.<br><br>O informe facultativo da autopsia:<br><br>• Hábito exterior: tres orificios de ferida de arma de fogo, dous localizados na fronte e un na rexión parietal dereita. Todos eles presentaban orificios de saída na zona oposta, provocando unha importante desfeita e perda de substancia ósea, así como rachaduras coincidentes no coiro cabeludo.<br>• Cavidade cranial: non se puido abrir pola desfeita que produciron as feridas de bala. Observouse unha profunda atrición dos tecidos da substancia nerviosa, aparecendo a caviade practicamente baleirada.<br>• Nin na cavidade torácica nin na abdominal "se pudo recoger dato alguno digno de mención". |
| **Fontes relacionadas** | **Causa militar** | Causa 1094/1937 do Arquivo Naval de Ferrol<br>Causa 425/1937 do Arquivo Naval de Ferrol<br>Causa 239/1948, AIMNOR<br>Causa 262/1948, AIMNOR |
| | **Entrevistas** | - |

UPDF
WWW.UPDF.COM


| | | |
|---|---|---|
| | **Rexistro de defuncións** | No Rexistro Civil de Teo. Núm. 122 ano 1948<br>No libro parroquial de defuncións de Luou, 1930 |
| | **Outras** | - |

| **RICARDO FERNÁNDEZ CARLÉS** | | |
|---|---|---|
| **Datos persoais** | **Natural de** | San Xulián, Pontecesures |
| | **Veciño de** | Idem. anterior |
| | **Idade** | 35 |
| | **Profesión** | Labrego |
| | **Filiación/s** | |
| | **Data, lugar de morte** | 19 de maio de 1948, aldea de Loureiro |
| | **Resumo** | Segundo as dilixencias de levantamento de cadáveres, Ricardo foi atopado nas inmediacións da casa de Vilas deitado en posición de cúbito supino e coa cabeza cara o sueste. Presentaba múltiples feridas de arma de fogo na cara e no pescozo, moi desfeito na parte esquerda. O brazo dereito estaba estendido en cruz, e o esquerdo repousaba sobre o corpo. Vestía camiseta de punto branca interior, camisa percal con listas brancas e vermellas, chaleco de punto marrón, pantalón |

UPDF
WWW.UPDF.COM


| | | |
|---|---|---|
| | | e americana de corte gris escura con listas brancas, zapatos de becerro sen tinguir e calcetíns de algodón marrón.<br><br>O informe da autopsia (páx. 14 da causa) describe:<br><br>• Hábito exterior: presenta unha extensa ferida no pescozo duns quince centímetros de extensión por dez de anchura, que abrangue pel, tecido celular subcutáneo, plano muscular e vasos do pescozo; ferida que, polo seu gran desgarro, parece producida polo estalido dunha granada de man, resultando alcanzado polo percutor ou por unha das porcións máis grosas da metralla habitual desas armas.<br>• Cavidade cranial: resultou alcanzada pola forza explosiva e o cranio quedou aberto en comunicación coa ferida do pescozo, que se prolongaba pola cara, de onde resultou que a base do cranio presentaba unha grosa solución de continuidade, sen que a destrución do tecido nervioso fose tan considerable como nos outros tres casos [refírese aos outros cadáveres], pero cunha destrución suficiente para facela incompatible coa vida. |

UPDF
WWW.UPDF.COM


| | | |
|---|---|---|
| | | • Cavidade torácica: aberta a cavidade torácica, observouse que presentaba adherencias pleurais e sangue líquida no corazón. Non presentaba outras lesións de violencia.<br>• Cavidade abdominal: ningún dato de interese digno de mención. |
| **Fontes relacionadas** | **Causa militar** | Causa 302/1937, AIMNOR<br>Causa 238/1945, AIMNOR<br>Causa 239/1948, AIMNOR<br>Causa 262/1948, AIMNOR |
| | **Entrevistas** | - |
| | **Rexistro de defuncións** | No Rexistro Civil de Teo. Núm. 125 ano 1948<br>Libro parroquial de defuncións de Luou, 1930 |
| | **Outras** | - |

UPDF
WWW.UPDF.COM


| VICENTE LÓPEZ NOVO | | |
|---|---|---|
| **Datos persoais** | **Natural de** | Deán Pequeno, Ribeira |
| | **Veciño de** | Idem. anterior |
| | **Idade** | 29-30 |
| | **Profesión** | Mariñeiro |
| | **Filiación/s** | SGT - CNT |
| | **Data, lugar de morte** | 19 ou 20 de maio de 1948, monte de Fornelos ou aldea de Loureiro |
| | **Resumo** | Segundo a causa 262/1948 , o corpo de Vicente López Novo apareceu arrimado ao de Manuel Agrasar Cajaraville, en posición de cúbito lateral esquerdo e cos brazos dobrados. Presentaba varias feridas producidas por arma de fogo na *paletilla* esquerda e no cranio, con orificio de saída. Vestía pantalón e americana de corte azul mariño, camisa branca con listas de cor e presentaba calvicie na parte alta da cabeza.<br><br>• Hábito exterior: ademais dos signos cadavéricos habituais (livideces, rixidez etc.), presentaba dúas feridas de bala na fronte, e estaba ensanguentado.<br>• Cavidade cranial: ao abrir a cavidade observouse unha gran desfeita do encéfalo e das súas envolturas, localizándose no |

UPDF
WWW.UPDF.COM


| | | |
|---|---|---|
| | | occipital un amplo boquete na calota, correspondente á saída dos dous proxectís que coinciden na parte central, e levantando as partes brandas saían ao exterior. Como consecuencia, tanto o cerebro como o cerebelo aparecían intensamente ensanguentados e "hechos una pulpa", especialmente na base, dado que as balas atravesaran os núcleos basais.<br>• Cavidade torácica: non se apreciaron datos de interese en relación coa causa da morte. O corazón estaba exsangüe e os pulmóns ennegrecidos de fumador.<br>• Cavidade abdominal: ningún dato relevante para a determinación da morte. |
| **Fontes relacionadas** | **Causa militar** | Causa 1648 de 1939 da Plaza de Castellón de la Plana Arquivo do Tribunal Militar Territorial nº 1<br>Causa 239/1948, AIMNOR<br>Causa 262/1948, AIMNOR |
| | **Entrevistas** | - |
| | **Rexistro de defuncións** | No Rexistro Civil de Teo. Núm. 123 ano 1948<br>Libro parroquial de defuncións de Luou, 1930 |
| | **Outras** | - |

UPDF
WWW.UPDF.COM


| FLORENTINO PALACIOS MENÉNDEZ | | |
|---|---|---|
| Datos persoais | **Natural de** | Los Cuarteles de Peñarrubia, da parroquia de Lada (Langreo, Asturias) |
| | **Veciño de** | Idem. anterior |
| | **Idade** | 25 |
| | **Profesión** | Mineiro |
| | **Filiación/s** | Probablemente CNT, pero sen ref. |
| | **Data, lugar de morte** | 19 de maio de 1948, aldea de Loureiro |
| | **Resumo** | Atopado nas inmediacións da coñecida como *casa de Vilas*, en Loureiro, a uns catro metros do de Ricardo Fernández Carlés.<br><br>Tendido no chan, en cúbito supino, coa cabeza orientada ao noroeste. O brazo dereito estendido formando cruz co corpo, o esquerdo ao longo do corpo. Presenta ferida no ollo esquerdo, baleirado e con de saída pola cabeza; e outra ferida no corpo, entre o esterno e a gorxa. Vestía camiseta de punto branca, sobre ela unha pescadora gris moi clara, chaqueta escura con listas brancas, pantalón *breeches* de pana negra e sen zapatos.<br><br>• Hábito exterior: home adulto, de entre 25 e 30 anos. Presenta dúas feridas de arma de fogo que penetran pola rexión |

UPDF
WWW.UPDF.COM


| | | |
|---|---|---|
| | | temporal dereita e polo ollo dereito, saíndo pola caluga a primeira e un pouco máis á esquerda a segunda, lesionando ambas todo o sistema basal do encéfalo.<br>• Cavidade cranial: as desfeitas correspondentes ás feridas e traxectos *lesionales* descritos no hábito exterior.<br>• Cavidade torácica: ferida de bala que entra á altura do sexto espazo intercostal e sae xunto ao *raquis* á altura da décima costela, aínda que sen lesionala.<br>• Cavidade abdominal: o estómago contiña restos alimenticios en proceso inicial de dixestión. Detectouse sangue espesa e coagulada na rexión máis declive correspondente á ferida que presenta o fígado na parte superior ou convexidade, resultado do disparo que procede do tórax do lado oposto e alcanza a porción mais elevada e posterior da víscera. |
| **Fontes relacionadas** | **Causa militar** | Causa 262/1948, AIMNOR |
| | **Entrevistas** | - |
| | **Rexistro de defuncións** | No Rexistro Civil de Teo. Núm. 124 ano 1948<br>Libro parroquial de defuncións de Luou, 1930 |
| | **Outras** | - |

UPDF
WWW.UPDF.COM


## 7. Documentación do espazo a intervir: localización da fosa

No lugar onde hoxe se ergue a igrexa de Santa María de Luou situábase antigamente a Capela de Santa Margarida[40], trasladada desde a súa localización orixinal na aldea de Loureiro. Aquel traslado marcou o inicio da construción da nova igrexa, un proceso longo que comezou arredor de 1788.

A anterior igrexa parroquial estaba na Carballeira de Vales, no lugar da Eirexe —onde hoxe se atopa a casa reitoral—, pero foi destruída por un incendio en 1757. Os seus materiais foron reaproveitados para levantar a nova edificación. As obras comezaron coa restauración da capela e prolongáronse ata 1832, cando se concluíu a fachada e o arco.

Posteriormente a igrexa sufriu varias transformacións: en 1847 levantouse a torre, na que se instalou unha campá fundida polo compostelán Dámaso Palacio; en 1872 un raio destruíuna, mais sería reconstruída ao ano seguinte. A porta principal actual data de 1927.

Fotografía da Romería de Santa Margarida, 1913. Fonte: Arquivo Municipal de Teo

[40] De acordo aos traballos de investigación de Pablo Sanmartín sobre a capela, a capela foi construída a redor do s. XII na aldea de Loureiro e con advocación inicial a San Silvestre. A mediados do s. XVII o mesmo investigador atopa referencias nos libros de culto e fábrica nas que sinalan o estado ruinoso da capela.

UPDF
WWW.UPDF.COM


Nos muros exteriores aínda se conservan perpiaños decorados procedentes da primitiva igrexa medieval, testemuña do aproveitamento de elementos construtivos ao longo da súa historia.

O cemiterio de Luou foise conformando no propio adro da igrexa, aproveitando o espazo inmediato á súa fachada e practicando as inhumacións directamente no chan. En 1928, o Concello de Teo abriu un expediente[41] relativo á petición da Sociedade Protectora en Bos Aires para para construír un novo cemiterio. Esta entidade xustificaba a petición "a fin de que deje de utilizarse el existente que se haya poblado frente a la fachada de la iglesia".

Con todo, a demanda veciñal de contar cun novo espazo de enterramento mantívose durante décadas. Entre finais do século XX e comezos do XXI, a veciñanza promoveu a creación dun patronato para levantar un novo cemiterio. Porén, entre os socios xurdiron divisións e constituíuse outra entidade: a Asociación Veciñal "Agrupación Camposanto de Luou". Como resultado, a principios do século XXI Luou chegou a contar con tres cemiterios: o do adro da igrexa, o do patronato e o da asociación veciñal. Tras varios litixios o cemiterio do patronato, que só chegou a albergar un único defunto, foi clausurado e o patronato disolto. Na actualidade, a parroquia conserva dous cemiterios en uso: o do adro da igrexa e o da asociación veciñal.

[41] "Expediente instruido á instancia de varios vecinos de la parroquia de Luou, para que el Sr. Cura de la misma manifieste si la Fábrica de la Iglesia cuenta con fondos para la construcción de un nuevo cementerio". Ano 1928. Fonte: Arquivo Municipal de Teo.

UPDF
WWW.UPDF.COM


### 7.1. O cemiterio do adro da igrexa e a Casa do Belén

En 1941 ábrese un expediente, conservado no fondo do Arquivo Municipal do Concello de Teo, que recolle a disputa sobre a propiedade da parte alta da Casa de Fábrica:

> "Unida al atrio cementerio de esta parroquia hay una casa en posesión de la iglesia y municipio. Que dicha casa fue edificada por la Iglesia en el año 1812, ocupando después parte de dicha casa una Escuela Pía de fundación particular hasta que allá por la 1ª República desapareció, incautándose más tarde el ayuntamiento la parte que hoy ocupa en esa casa. Que estando dedicada la parte que ocupa el municipio a vivienda y la parte de iglesia a casa de fábrica y a veces depósito de cadáveres, por eso y otras causas se hacen incompatibles muchas posesiones y siempre serán causa de discordias. Que hace más de diez años el municipio se apoderó de esta casa que era y es propiedad de la iglesia y que el párroco tendrá que reclamar judicialmente si no se le entrega".




Bosquexo de 1941. Fonte: Arquivo Municipal de Teo

UPDF
WWW.UPDF.COM

Nenas e nenos e o mestre da escola. Ano 193X. Fonte: Arquivo Municipal de Teo.

O Libro de Fábrica achega notas do párroco que permiten precisar mellor a historia do inmoble. En 1812 xa se documenta a Casa de Fábrica como tellada e cuberta. En 1828, grazas á achega de sesenta mil reais enviada desde Bos Aires por José Vidal[42] ampliouse cara ao leste para acoller unha escola. Esta funcionou ata a Primeira República, momento no que desapareceu para logo pasar parte da casa a mans municipais. O cura engade tamén que existía un pequeno terreo triangular que se prolongaba ata a esquina noreste do adro, espazo que a veciñanza maioritaria consideraba sempre pertencente á igrexa. Entre 1925 e 1930 dito anaco foi cercado polos profesores que residían na casa, xa que despois había escola pública, e polo Concello.

[42] Da Sociedade Protectora de Bos Aires.



AYUNTAMIENTO DE TEO.

Aceptada en principio, en sesión de ocho del actual, la cesion ó venta á la Iglesia, en precio de 2.250 pesetas, los derechos del Ayuntamiento sobre la Casa-Escuela de Luou, enclavada dentro del recinto de la Iglesia, Atrio y Cementerio parroquiales, cuyo edificio poseen la Iglesia y el Ayuntamiento, ocupando éste la planta alta con destino á escuela y la Iglesia la planta baja, con destino á casa de fábrica y en alguna ocasion á deposito de cadáveres que han de ser inhumados en el Cementerio parroquial inmediato al edificio, se hace público tal acuerdo por el termino de quince dias, contados desde la insercion de éste anuncio en el Boletin Oficial de la provincia, á fin de que contra el mismo puedan producirse las reclamaciones que se estimen procedentes

Teo 19 de Noviembre de 1941.
El Alcalde,

ALCALDIA DE TEO

Parte do expediente de 1941. Fonte: Arquivo Municipal de Teo.

En 1942, o Concello aceptou a cesión e a parroquia pagou os dereitos correspondentes. Ao ano seguinte, en 1943, construíuse un muro de 12,70 metros na parte norte do atrio, enchiuse con terra e abriuse unha xanela na Casa de Fábrica. Con estas obras quedou delimitada na zona do atrio que tamén fora obxecto de disputa.

Desde entón non se realizaron intervencións de importancia que modificasen a estrutura da casa, salvo pequenas reparacións. O espazo triangular en litixio acolle hoxe panteóns verticais, construídos ao redor dos anos 50.

UPDF
WWW.UPDF.COM

[1] Igrexa de Santa María de Luou, procesión, 1950. No fondo aprécianse os panteóns. Fonte: Arquivo Municipal de Teo.

[2] Igrexa de Santa María de Luou, 2025. No fondo aprécianse os panteóns. Fotografía de Lucía Santiago.

UPDF
WWW.UPDF.COM


Inmediato á parede da casa do belén ou casa de fábrica que dá ao adro, atopámonos cun altar, cunha lápida e cun osario.

Parede da casa do Belén inmediata ao adro da Igrexa de Santa Maria de Luou, 2025. Fotografía de Mario César Vila.

O altar, como se aprecia na fotografía do alumnado dos anos trinta, é anterior á inhumación das catro vítimas, do mesmo xeito que as lápidas situadas fronte á suposta área da fosa. A lápida que se atopa entre o osario e o altar acolle os restos da irmá do cura Manuel Somoza e data de 1961. Semella pouco probable que o propio párroco, quen dera sepultura ás vítimas da resistencia antifranquista, decidise enterrar á súa irmá nun lugar tan próximo á fosa común.

Tamén é relevante a presenza do osario, construído en 1951, xa que, segundo a hipótese que manexamos sobre a localización da fosa, situaríase moi preto dela ou mesmo parcialmente enriba.

UPDF
WWW.UPDF.COM

“Erigido por Eugenio Mosquera Parajó a la memoria y como lugar de último reposo de los feligreses fallecidos en esta parroquia EPD. Año 1951” Fotografía de 2025, cedida por Pablo Sanmartín.

UPDF
WWW.UPDF.COM


Se atendemos á descrición da fosa "situada a unos cincuenta cm de la pared sur de la casa de Fábrica, distante a unos siete metros de la pared sur del cementerio"[43], resulta necesario considerar as posibles alteracións nos muros que rodean ao adro. No *Libro de Fábrica* non se atopan datos relevantes sobre a súa construción, nin se detectan modificacións significativas Respecto da súa localización actual.




[43] Causa 239/1948, caixa 58, Santiago de Compostela do Arquivo Intermedio Militar Noroeste (AIMNOR).

UPDF
WWW.UPDF.COM

Fotografía da igrexa de Santa María de Luou co seu muro circundante e a Casa de Fábrica. Fonte: Arquivo Municipal de Teo.

Descoñecemos a data exacta da fotografía, mais podemos situar a súa realización entre 1943 e 1951. Na imaxe vese que aínda non estaban construídos os panteóns na zona correspondente ao terreo triangular en litixio, que máis tarde sería cedido á igrexa xunto coa parte alta da Casa de Fábrica. Se pertencese a un momento no que esa parte seguía sendo propiedade do Concello e utilizada como vivenda para mestres, debería aparecer cercada, como recollía o párroco nos seus escritos de 1941. En cambio, xa se aprecia o muro de 12,70 metros levantado na parte norte do atrio en 1943, mentres que o osario, construído en 1951, aínda non aparece. Estes elementos permiten situar a imaxe nun marco temporal intermedio, entre 1943 e 1951, cando o muro se amosaba practicamente igual a como o coñecemos hoxe.

UPDF
WWW.UPDF.COM


Cómpre engadir que no bosquexo que vimos anteriormente, datado a comezos dos anos corenta, xa se marca con claridade a delimitación do adro a modo muro, incluíndo as portas de acceso que se conservan na actualidade, o que reforza esta interpretación cronolóxica.

Na fotografía apréciase tamén un ciprés. A súa presenza non resulta relevante para a nosa hipótese sobre a fosa, mais pode ser de interese sinalar que, segundo unha imaxe da Romaría de Santa Margarida de 1913, foran dous os cipreses existentes daquela. O exemplar que se ve na fotografía descrita mantívose en pé ata tempos recentes.

**Conclusión sobre a localización da fosa**

Podemos concluír que a partir do noso estudo a hipótese principal sobre a localización da fosa resulta consistente: todo apunta a que se atopa no cuadrante delimitado entre o patín da Casa de Fábrica e o osario. As referencias indicadas no sumario coinciden coas referencias transmitidas pola veciñanza e coa memoria oral recollida, como a testemuña de A. S. P., quen lembrou que os familiares acudiron durante anos a poñer flores sobre o lugar exacto, sinalado cunha cruz de madeira hoxe desaparecida.

A visita de campo permitiu comprobar que as distancias descritas poden corresponder co espazo actual, reforzando así esta interpretación. Cómpre ter en conta, non obstante, que existe a posibilidade de que parte da fosa quede baixo o osario, o que implicaría que nese sector puidese terse producido algunha alteración.




Plano do Cemiterio de Luou, elaborado en 1983 por Álvaro Parajó.

Localización da fosa común

UPDF
WWW.UPDF.COM




Igrexa de Santa María de Luou na década de 1950. Fonte: publicación “1905-2005: Centenario do Sindicato de Agricultores y Ganaderos de Luou”

UPDF
WWW.UPDF.COM

Igrexa de Santa María de Luou desde a Casa Reitoral 1970. Fonte: Arquivo Municipal de Teo

Igrexa de Santa María de Luou, adro e casa de fábrica, 1980. Fonte: Arquivo Municipal de Teo

UPDF
WWW.UPDF.COM

Igrexa de Santa María de Luou, 199X. Fonte: Arquivo Municipal de Teo

Igrexa de Santa María de Luou, 2005. Fonte: Arquivo Municipal de Teo

UPDF
WWW.UPDF.COM


## 8. Referencias bibliográficas e fontes consultadas

Actas do III Seminario sobre a memoria: *A guerrilla e os campos de concentración* (1–3 de xuño de 2012).

Actas do IV Seminario sobre a Memoria (2013, 24–26 de abril). *Da loita pola terra á loita pola democracia: do agrarismo á guerrilla antifranquista*.

Asociación Cultural Cultura Aberta. (2005–2009). *Actas das xornadas Ecos dun Tempo*. Andavira Editora.

Asociación Cultural de Memoria Histórica Democrática. (2005). *Actas do Congreso da Memoria en Narón 2023: A represión franquista en Galicia*. Ferrol: Edicións Embora.

Fernández Prieto, L. (2012). El pasado incómodo en el Estado español: guerra, persecución, reconciliación. En L. Fernández Prieto e Nomes e Voces (Eds.), *Memoria de guerra y cultura de paz en el siglo XX. De España a América, debates para una historiografía* (introdución capítulo 1). Xixón: Ediciones Trea.

Fernández Prieto, L., e Artiaga Rego, A. (2018). Introdución. Soldados para el frente: más allá de los alféreces provisionales y los comisarios políticos. *Ayer*, 111(3), 13–21.

Fernández Prieto, L., e Míguez Macho, A. (Eds.). (2018). *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*. Vigo: Editorial Galaxia.

Fernández Prieto, L., Míguez Macho, A., e Vilavedra Fernández, D. (Eds.). (2020). *1936: Un nuevo relato*. Zaragoza: PUZ.

Fernández, E., e Pereira, D. (2004). A represión contra o Movemento Libertario na Galiza durante a Guerra Civil e a posguerra. En *A represión franquista en Galicia: Actas do I Congreso da Memoria (Narón, 4–7 de decembro 2003)* (pp. 399–425). Ferrol: Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática / Edicións Embora.

Fernández, E., e Pereira, D. (2012). A primeira guerrilla antifranquista galega (1936–1939): un esforzo mal logrado. *Terra e Tempo*, xullo 2011–xuño 2012.

Fernández, E., e Pereira, D. (2022). *Primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936–1940)*. Campanha Editora (Sacauntos).

Heine, H. (1980). *A guerrilla antifranquista en Galicia* (V. Arias, Trad.). Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Heine, H. (1983). *La oposición política al franquismo, 1939–1952*. Barcelona: Crítica.

Lamela García, L. (1992). *Foucellas. El riguroso relato de una lucha antifranquista (1936–1952)*. A Coruña: Edicións do Castro.

Lamela García, L. (2003). Algunos retazos de la lucha antifranquista. Aspectos desconocidos de la guerrilla del Llano. *Anuario Brigantino*, 26, 281–294.

Lamela García, Luís. (1992). ”Foucellas. El riguroso relato de una lucha antifranquista 1936-1952". Edicións do Castro, A Coruña.

López Sánchez, C. (2012). *O golpe de Estado, as persecucións e a retagarda na guerra civil española: as actitudes sociais en Galicia (1936–1939)* (Tese de doutoramento). Universidade de Santiago de Compostela.

Máiz Vázquez, B. (2002). Voces sobre a IIª República, represión franquista e resistencia galega (1931–1954). *Anuario Brigantino*, 25, 309–326.

Marco, J. (2006). Guerrilla, bandolerismo social, acción colectiva: algunas reflexiones metodológicas sobre la resistencia armada antifranquista. *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 28, 281–301.

Marco, J. (2012). *Guerrilleros y vecinos en armas. Identidades y culturas de la resistencia antifranquista*. Granada: Comares / Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

UPDF
WWW.UPDF.COM


Martínez, L. (2007). Coa man armada: Ejército Guerrilleiro de Galicia (IV agrupación). Vigo: A Nosa Terra.

Martínez, L. (2023). Guerrilleiros antifranquistas da provincia da Coruña. Vigo: Editorial Galaxia.

Míguez Macho, A. (2014). Genealogía genocida del franquismo. Violencia, memoria e impunidad. Madrid: Abada Editores.

Míguez Macho, A. (2024). El verdugo, la memoria y la historia: Tomás Garicano Goñi y el relato del franquismo escrito por los perpetradores. Ayer, 136(4), 259–282.

Otero Roberes, C., et al. (s.d.). Fuxidos na fraga: episodios da guerrilla antifranquista nas terras do Eume. Cátedra. Revista Eumesa de Estudios, pp. 226–234.

Pereira, D. (2005). *Foulas e ronseis*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.

Pereira, D., e Fernández, E. (2006). *O movemento libertario en Galiza, 1936–1976*. Vigo: A Nosa Terra.

Rodríguez Gutiérrez, A. (2012, xuño 20–22). El estudio de la resistencia armada antifranquista: problemática de 35 años de investigaciones. Comunicación presentada en *Jornadas Doctorales de Historia Contemporánea UCM-UAM*, Madrid.

Rodríguez Gutiérrez, A. (2024). El origen de la guerrilla antifranquista: la Federación de Guerrillas de León-Galicia y las agrupaciones guerrilleras (1941–1945). [Referencia incompleta, falta editorial/publicación].

Sanmartín, P., et al. (2024). *Teo: historia, patrimonio cultural e turístico*. Santiago de Compostela: Ed. Bolanda.

Santidrián Arias, C. M. (2002). *Historia do PCE en Galicia (1920–1968)*. A Coruña: Edicións do Castro.

Serrano, S. (1988). *La guerrilla antifranquista en León (1936–1951)*. Madrid: Siglo XXI.

UPDF
WWW.UPDF.COM


Serrano, S. (2001). *Maquis. Historia de la guerrilla antifranquista*. Madrid: Temas de Hoy.

Tejeirizo-García, C., e Rodríguez Gutiérrez, A. (2024). Por unha arqueoloxía guerrilleira na Ciudad de la Selva. En C. Tejeirizo-García e A. Rodríguez Gutiérrez (Coords.), *Ciudad de la Selva. Historia e arqueoloxía da guerrilla nos montes de Casaio*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.

Yusta Rodrigo, M. (2003, abril 29–maio 9). Maquis: la resistencia armada al régimen de Franco. Comunicación presentada en *Jornadas sobre el maquis: la historia rescatada*. pp. 20–28.

UPDF
WWW.UPDF.COM


Arquivos:

- Arquivo Histórico Diocesano de Compostela: PO13428 Libro de fábrica de Luou
- Arquivo Parroquial de Luou: Libro defuncións, 1930
- Arquivo Histórico de Defensa: TMT 1 Madrid: Causa 1648/1939
- Arquivo Municipal de Ribeira: Padrón de habitantes 1869, 1906, 1917, 1930, 1940, 1950 e 1970
- Centro documental de la Memoria:
  - ES.37274.CDMH/4//DNSD-SECRETARÍA,FICHERO,1,A0012543
  - ES.37274.CDMH/4//DNSD-SECRETARIA,FICHERO,36,L0061047
- BOE número 235 DE 23/08/1943, páxina 8191
- AIMNOR:
  - Causa 159/1946
  - Causa 199/1936
  - Causa 21/1946
  - Causa 238/1945
  - causa 239/1948
  - Causa 262/1948
  - Causa 271/1946
  - Causa 302/1937
  - Causa 331/1940
  - Causa 395/1944
  - Causa 400/1947
  - Causa 45/1947
  - Causa 505/1947
  - Causa 508/1941
  - Causa 516/1944
  - Causa 522/1938
  - Causa 522/1938

UPDF
WWW.UPDF.COM


- Causa 53/1952
- Causa 672/1946
- Causa 672/1946
- Causa 262/1948

- Arquivo Naval de Ferrol
  - Causa 25/1937
  - Causa 1094/1937
- Arquivo Dixital de Galicia:
  - Expediente procesual de Ricardo Fernández Carlés: ES.GA.27028.AHPLU.1.3.2.7.PPL.02.01.02.92727-057. Caixa 92727-057
- Arquivo do Rexistro Civil de TEO. Libro de defuncións, follas 122-125.
- Arquivo Municipal de Teo

Hemeroteca do Arquivo Dixital de Galicia:

- *El Ideal gallego diario católico, regionalista e independiente*. Ano XXXII Número 9663- 1948 novembro 5
- *El correo gallego diario político de la mañana*. Número 25048 - 1952 xullo 27
- *El Correo gallego diario político de la mañan*a. Número 25048 - 1952 julio 27
- *El Correo gallego diario político de la mañana.* Número 24963 - 1952 abril 18
- *Boletín oficial de la provincia de La Coruña*. Número 269 - 1913 novembro 20

Informantes:

- Xosé Luís Santos Cabanas
- Javier Devesa
- Pablo Sanmartín
- Alexandre Leis Carlés
- Álvaro Parajó
- Alexandre Sinde Vázquez

UPDF
WWW.UPDF.COM


- Araceli Clotilde Sisto Parajó
- María Luz Sisto Parajó
- Rafa Sisto
- Patricia Martínez

UPDF
WWW.UPDF.COM


ANEXOS

UPDF
WWW.UPDF.COM

elCorreoGallego.es

HISTORIA TESTIGO DIRECTO

# La guerrilla llegó a Luou

11.05.2007 **En mayo de 1948, el lugar de Loureiro fue testigo de uno de los muchos enfrentamientos entre la Guardia Civil y un grupo de guerrilleros comandados por O Foucellas. Sesenta años después, algunos vecinos todavía recuerdan aquella tarde sangrienta en las montañas de Teo**

TEXTO Y FOTOS: FERNANDO FRANJO

Eran las tres de la tarde del día 19 de mayo de 1948. El lugar de Loureiro, en la parroquia teense de Luou, se sobresaltó por una gran descarga de disparos en plena hora de siesta. Los lugareños que todavía lo recuerdan mantienen viva la imagen de aquel día de mayo, cuyos detalles se escapan como en tantos otros episodios a la mayoría de los libros de historia. Todo había comenzado la noche anterior. La banda de guerrilleros conocida popularmente como Os Foucellas había llegado la noche anterior a Loureiro (Luou) buscando refugio. Lo hallaron en el pajar de una casa vecina, propiedad de la familia Vilas Mosqueira.

Los tratados de historia y los testimonios vecinales coinciden en que la Guardia Civil fue alertada de la presencia del corpúsculo guerrillero y, tras cercar el lugar, procedió a registrar la vivienda. Luego, se dirigieron al alpendre anexo a la casa, donde tuvo lugar el tiroteo que hizo temblar a la aldea. “Pasaban las balas junto a las casas como cuando la guerra”. Así lo recuerdan con una memoria prodigiosa José Mosquera, de 90 años de edad, el hombre que trasladó los cadáveres de los guerrilleros muertos a una fosa común de Luou, y su esposa, Delia Iglesias, de 86: “Llegaron refuerzos desde Lestedo, Ordes y A Coruña”. La consigna de aquel grupo de hombres, bajo el mando del cabo del cuartel de Ordes, Antonio Peña Díaz, era abatir a aquellos cinco hombres.

A día de hoy, todavía no está claro cómo y quién dio parte de la llegada de los fugitivos a la aldea de Loureiro. Los más viejos hablan en voz baja o atisban veladamente algún que otro nombre, pero más de medio siglo después, el secreto muere con la aldea. En el primer enfrentamiento, un guardia, Manuel Gordón, cayó malherido, y los vecinos recuerdan que murió desangrado antes de que pudiesen hacer nada por él. Para acabar con el encierro, los agentes tiraron al pajar una toalla mojada en petróleo y todo comenzó a arder.

En aquel primer enfrentamiento, en contra de lo que se pensó en un principio sólo murieron dos de los seis fugitivos. Los nombres de los forasteros –bajo este apelativo figuran en el libro parroquial de la época– eran Ricardo Fernández Carlés, de Pontecesures, y Manuel Agrasar Cajaraville, de A Matanza-Padrón, conocido como Barbarroja. La Guardia Civil detuvo a pocos metros del alpendre en el que se produjo el tiroteo a Vicente López Novo, natural de Ribeira, y al asturiano Constantino Méndez, que fueron fusilados al amanecer del día siguiente en el paraje llamado Cruz de Loureiro. El líder de la banda, Benigno Andrade, O Foucellas, y su lugarteniente José Ramuñán Barreiro, Ricardito, salieron ilesos de la emboscada.

No era la primera vez que el grupo dirigido por Benigno Andrade, aquel hombre que había de convertirse en leyenda de los guerrilleros bajo el apodo de O Foucellas, hacía algún alto por estas tierras. Las crónicas constatan que tan sólo un mes antes, el 8 de abril, sufrieron una emboscada en el Pazo de Oca, en la que cayeron seis hombres y sólo salieron con vida el propio Foucellas y su inseparable lugarteniente Ricardito.

**Aspecto actual del alpendre en el que tuvo lugar el** tiroteo entre la Guardia Civil y los seis guerrilleros

**José Mosquera**

**Delia Iglesias**

**Divina Mesías**

UPDF
WWW.UPDF.COM

José Mosquera apunta que, cuando la Guardia Civil consiguió reducir a los cercados, una escudilla con agua y restos de comida despertaron sospechas de los agentes, que “llegaron a acusar a la familia Vilas de encubrimiento”. Posiblemente, nadie sabrá nunca si esto fue cierto. “Pero los propios Foucellas acusaron a la familia de darles cobijo”, recuerda Delia. Tanto ella como su marido, José, y otra vecina, Divina Mesías, que por entonces era una joven adolescente de 15 años, recuerdan que únicamente la mediación de Manuel Somoza Barros, párroco de Luou; Ramón Parajó, y Santiago Louzao, ambos industriales y fuerzas vivas de la parroquia, sirvió para que los propietarios del alpendre en el que se había desarrollado la emboscada no fuesen acusados formalmente de encubrir a los guerrilleros.

Manuel Currás, empleado del Ayuntamiento de Teo, asistió junto al juez de Padrón al levantamiento de los cuatro cadáveres. Luego, por orden del celador de la aldea, el vecino José Mosquera, uno de los pocos testigos vivos de aquel episodio, trasladó los cuerpos sin vida en su carro de vacas hasta la fosa común excavada en el atrio de la capilla parroquial de Luou. Durante aproximadamente los dos kilómetros que separaban el lugar del suceso del camposanto, el carro mortuorio iba prácticamente escoltado por toda la aldea y por la Guardia Civil. “Era todo un acontecimiento”.

Tras practicárseles la autopsia por el forense de Padrón y por el médico de Teo, José Raviña Valdés, sus restos fueron enterrados en el atrio de la capilla parroquial. Los vecinos de la aldea recuerdan que durante años hubo flores frescas en el Día de Difuntos para recordar a los guerrilleros del norte que cayeron en Luou.

En la aldea, la Guardia Civil, que continuó siendo el principal instrumento represor de los maquis, continuó realizando campañas de búsqueda y Loureiro quedó sometida a sucesivos toques de queda. De hecho, los testigos recuerdan que la familia Vilas, propietaria del alpendre en el que se registró el tiroteo, se vio obligada a cambiar de casa ante el temor de represalias.

Durante mucho tiempo, aquel episodio cambió el día a día de la aldea. Así lo evoca Delia: “La Guardia Civil llegaba de repente, a veces venían con perros, pedían alojamiento y dormían en las casas de los vecinos”.

No era el único caso. La guerrilla había comenzado y se había desarrollado especialmente en Galicia y León y la orografía del terreno fue uno de los aspectos que convirtió en esencial la colaboración del pueblo con unos grupos deficientemente organizados y mal armados. De hecho, todos los testigos que vivieron en directo los hechos coinciden en que más de una familia de esta zona dio cobijo y alimentos a los guerrilleros del norte en alguna de sus numerosas campañas, en algunos casos por temor, aunque en muchos otros por colaboracionismo en oposición a la dictadura.

Ramón Villares concluye que, historiográficamente, el fenómeno de la guerrilla aúna dos visiones opuestas que llegan a solaparse. Por un lado, eran considerados bandoleros o atracadores y simultáneamente se les denominaba guerrilleros, nacidos como principales argumentos de la falta de organizaciones de izquierda en la posguerra.

La emboscada de Loureiro-Luou marcó el final de la jefatura de O Foucellas y el desmantelamiento definitivo de su grupo. Pero su hora aún no había llegado. En el estudio realizado por el Luis Lamela García se recogen las preguntas de la Guardia Civil a Benigno Andrade tras su detención en Oza dos Ríos en 1952, pocos meses antes de ser ejecutado. El documento, al margen de las contradicciones entre ambas partes, refleja la participación directa de O Foucellas en el tiroteo de Loureiro, en el que fallecieron cinco personas.
El golpe recibido por la guerrilla antifranquista en Luou puede tener, a todas luces, más importancia histórica del que pueda parecer a primera vista. Los estudiosos afirman de hecho que marcó el declive de su actividad y el retorno a un estatus de fugitivo ceñido prácticamente a la autodefensa.

Pocos meses después, en octubre de 1948, el Partido Comunista cambia de estrategia y decide abandonar definitivamente la lucha armada. Aquellos hombres que todavía quedaban en los montes no contaron con la ayuda y la infraestructura necesaria para trasladarse al extranjero y poder escapar. Especialmente en el caso de Galicia, donde la frontera con Portugal, país con un régimen afín al franquista, suponía un difícil y filtro para los guerrilleros del norte, los huidos, que sólo podían iniciar una escapada hacia adelante. Su viaje no tenía vuelta atrás.

**Josefa Andrade: “Mucha gente de derechas apoyó a mi padre”**

Benigno Andrade había nacido en Cabrui (Curtis) el 22 de octubre de 1908. Ya en su juventud, empezó a simpatizar con el Partido Comunista, lo que, con el paso de los años, le llevó a iniciar el activismo político que le convirtió en uno de los emblemas de la guerrilla antifranquista. Después de muchos años por los montes gallegos, fue detenido y ejecutado en el garrote vil el 26 de julio de 1952.

Benigno tuvo dos hijos, Josefa y Sergio. Pepita, en declaraciones realizadas a este periódico, señaló que más allá de una infancia triste y de toda la accidentada trayectoria de su padre “a lo largo de los años lo que más me ha dolido son las mentiras que se han dicho sobre él”.

Josefa, que no quiso profundizar en aquella época, recuerda a un hombre vestido de militar en visitas esporádicas y la Guardia Civil que llegaba casi a diario al domicilio familiar de Cabrui preguntando por su padre.

Cuando tenía 12 años, ya huérfana, se presentó sola en el Gobierno Civil de A Coruña con la única pretensión de que todo aquello acabase. El gobernador la recibió, la calmó y le prometió que aquel acoso se acabaría, como así fue. Pepita recuerda a Benigno Andrade como un hombre justo, “que contó con el poyo de militares, altos cargos del Ejército, guardias civiles e incluso sacerdotes. Incluso fue alguna vez a ver al Deportivo vestido de cura. Mucha gente de derechas le apoyó. Más de una persona se sorprendería al conocer quiénes han estado en mi casa”.

UPDF
WWW.UPDF.COM



Monte de Loureiro, que conduce a Luou, en el que ajusticiaron a dos de los guerrilleros. A la derecha, atrio parroquial en el que se excavó una fosa común

UPDF
WWW.UPDF.COM



FOUCELLAS, 50 AÑOS DESPUÉS

**Republicano convencido, al principio de la contienda confiaba en que las cosas iban a cambiar con celeridad**

**Portugal actuó de barrera para los luchadores gallegos**

# La guerrilla desciende de la cordillera del olvido en 2002

▸ Una fosa común en Teo contiene los restos de cuatro correligionarios de Benigno Andrade 'Foucellas', que salió ileso de una de sus últimas emboscadas ▸ Se cumplen cincuenta años de la ejecución del luchador de Curtis en A Coruña

FERNANDO FRANJO • SANTIAGO

El prisma de la historia convirtió en fechorías o hazañas sus acciones que, en cualquier caso, aún hoy, medio siglo después, se cuentan en voz baja. Las crónicas hablan indistintamente de maquis o guerrilleros, que sobrevivieron entre el año 37 y el 52 en un número que se calcula entre 5.000 y 6.000 con el monte como medio natural. Algunos estudiosos les han bautizado como los *hombres de monte*.

Los datos apuntan que sólo 500 huyeron de España, y, evidentemente, ni Galicia ni por supuesto la comarca de Santiago fue ajena a esta actividad de la lucha guerrillera que a veces se confundió con la huida para la supervivencia.

Sin duda, el nombre propio fundamental de la lucha guerrillera en Galicia es Benigno Andrade García, más conocido como *Foucellas*, el escapado más famoso de que pervive en el elenco popular por su trayectoria clandestina marcada por su evasión de la Guardia Civil. *Foucellas* tuvo las características que lo convirtieron en mito: astucia, valentía e intuición para sobrevivir con una dosis añadida de temor popular pese a lo cual creó poco a poco una infraestructura clandestina de ideologías diversas.

El grupo conocido como *Os Foucellas* fue cercado en diversas ocasiones. Las crónicas constatan que el 9 de abril de 1948, el grupo sufrió una emboscada en el Pazo de Oca de la que sólo se salvaron *Foucellas* y Ricardito, uno de sus lugartenientes. Los otros seis murieron. Existen testimonios que recuerdan como a los pocos días, el grupo huyó hacia el municipio de Teo. Se sabe que rondaban la aldea de Mallos, en Lampay, y hay constancia de que visitaron la casa de Manuel Rial y de Maximino García para pedir comida y ropa. Fueron sorprendidos bajo un alpendre en Loureiro por la Guardia Civil y tras un enfrentamiento con la muerte de un agente fueron abatidos a tiros.

Antigua fosa común donde yacen correligionarios de Foucellas

Manuel Currás, que fuera empleado del Ayuntamiento de Teo asistió, acompañado del médico José Raviña Valdés y el juez de Padrón, asistían el 19 de mayo 1948 al enterramiento de cuatro hombres abatidos por la Guardia Civil en el lugar de Loureiro, en la parroquia teense de Luou.

Los nombres de los forasteros –bajo este apelativo figuran en el libro parroquial de la época– son Ricardo Fernández Carlés, de Pontecesures, que era conocido con el nombre de guerra de *Barba Roxa*; Vicente López Novo, de Ribeira; Manuel Agrasar Cajaraville, de Padrón; y Constantino Menéndez, asturiano de nacimiento y cuyas características responden a uno de los lugartenientes de confianza de *Foucellas*, que salió ileso de la emboscada. El resto ya forma parte de la historia. Benigno Andrade siguió con su actividad guerrillera hasta que fue detenido y posteriormente condenado a morir a garrote vil el 26 de julio de 1952.

## Acciones guerrilleras en Galicia

Acciones guerrilleras en Galicia (1943 -1952)

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| Enfrentamientos con la Guardia Civil | 72 | 64 | 44 | 26 | 206 |
| Ajusticiados por la Guerrilla | 75 | 51 | 72 | 19 | 217 |
| Secuestros | 19 | 13 | 12 | 15 | 59 |
| Sabotajes | 46 | 18 | 18 | 14 | 96 |
| Golpes económicos | 412 | 310 | 256 | 150 | 1.128 |
| Guerrilleros muertos | 96 | 86 | 53 | 70 | 305 |
| Guerrilleros detenidos | 155 | 143 | 123 | 39 | 460 |
| Guerrilleros entregados | 97 | 1 | 2 | 8 | 108 |
| Enlaces detenidos | 1.554 | 439 | 661 | 707 | 3.361 |
| Guardias Civiles muertos | 17 | 12 | 11 | 6 | 46 |
| Guardias Civiles heridos | 19 | 11 | 13 | 7 | 50 |

| Resultados de las operaciones guerrilleras en 1939 | Total |
|---|---|
| Ajusticiamientos | 2 |
| Atracos | 3 |
| Guerrilleros muertos | 3 |
| Guerrilleros detenidos | 4 |
| Guardias Civiles muertos | 2 |

EL DATO

### El asturiano

Constantino Méndez, asturiano de nacimiento y uno de los luchadores caídos, fue trasladado como los demás en carro del país al cementerio en el que se les hizo la autopsia. La partida parroquial de defunción permaneció abierta un mes sin que nadie presentase ninguna reclamación. Puede barajarse la hipótesis de que se trate de uno de los principales lugartenientes de *Foucellas*. El párroco, Manuel Barros, ratificó la defunción el día 20 de junio. ■

LAS CLAVES

### Supervivencia

La guerrilla en Galicia se inicia por necesidad de supervivencia en la posguerra ante la falta de organizaciones de izquierda. El terreno convirtió en esencial la colaboración del pueblo.

### Estructura

Derivó en cinco agrupaciones zonales entre 1944 y 1949. Fundamentalmente apoyadas por el PC, abarcaron las zonas de Valdeorras a León, Ourense, A Mariña, Lugo y León.

### Cronología

En líneas generales, se supone que la guerrilla se desarrolló entre los años 37 y 52 aunque algunos expertos hablan de que la actividad central se redujo al bienio 45-47.

### Caída

La mayoría de los guerrilleiros huyeron a Francia e incluso llegaron a América. El guerrilleiro José Castro Veiga *Piloto* fue el último en caer y aguantó en los montes hasta 1965. ■

MUJERES EN GUERRILLA

**Francisca Nieto Blanco**
*Paquina*: (Ponferrada) Detenida y encarcelada repetidamente entre 1936 y 1948. Finalmente escapó a Argentina.

**Alpidia García Moral Maruxa**
Comenzó a colaborar con la guerrilla después de que su marido fuese *paseado*. Fue detenida y posteriormente asesinada por la Guardia Civil.

**Consuelo Rodríguez López**
Sus hermanos huyeron al monte y sus padres fueron asesinados en 1939. Huyó al monte y permaneció en la guerrilla. Salió de España hacia Francia.

**Alida González (Salas de los Barrios, 1915)**
Desempeñó un importante papel de enlace. Descubierta en 1945. ■

DE PRIMERA MANO

## Josefa Andrade: "Mucha gente de derechas apoyó a mi padre"

"A lo largo de los años, lo que más daño nos ha hecho son las mentiras que se han dicho sobre mi padre". María Josefa Andrade, hija del mítico guerrilleiro y radicada desde hace años en Alicante, recuerda una infancia triste y a un hombre vestido de militar en visitas esporádicas al domicilio familiar en Cabrui (Curtis). "Se ha especulado mucho: algunos han dicho que mi padre fue un bandolero, un vividor". *Pepita* recuerda a Foucellas como un hombre justo que contó con apoyos de militares, altos cargos del ejército guardias civiles e incluso de sacerdotes "fue a ver alguna vez al Deportivo vestido de cura. Mucha gente de derechas le apoyo, muchos se sorprenderían si supiesen quienes han estado en mi casa".

Pero las *visitas* de la Guardia Civil se repetían casi a diario: "mi hermano y yo teníamos miedo de todo y el corazón nos temblaba al ver a aquellos hombres con ametralladoras". Con 12 años, ya huérfana, *Pepita* se presentó sola en el Gobierno Civil de A Coruña con la única pretensión de que todo aquello acabase. Rompió a llorar y el gobernador civil "me dijo que hablaría con el teniente para que aquello no volviese a pasar".

El 26 de julio de 1952, Foucellas fue ejecutado en A Coruña "Mi hermano Sergio y yo estuvimos allí hasta minutos antes. "Ni perdono ni olvido". ■

UPDF
WWW.UPDF.COM

ARCEBISPADO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Exp.: VI 0285/25
Nº Reg.: RS 0796/25
Fecha: 18/09/2025

Plaza de la Inmaculada, 1
Teléf.: 981 572 300
FAX: 981 563 691
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vista a petición presentada a este Arcebispado de Santiago de Compostela por D. Gustavo Hervella García, xestor do Grupo HISTAGRA da Universidade de Santiago de Compostela, referente á exhumación dunha fosa común no cemiterio parroquial de Santa María de Luou (Teo – A Coruña);

Polas presentes, outórgase a pertinente autorización, a tenor dos seguintes puntos:

1 — É necesario que se envíe a esta Vicaría Xeral, antes do comezo dos traballos, as autorizacións das autoridades civís para esta intervención.

2 — Cómpre que se precise a zona da fosa común para que o Sr. Cura Párroco poida informar aos fregueses, así coma o tempo aproximado que durarán as actuacións de cara a causar as menos molestias posibles.

4 — Terán prioridade os posibles enterros que poidan haber nos días da intervención.

3 — Ao remate da mesma, prégase que o chan intervido quede debidamente arranxado.

4 — Con esta data envíase copia ao Sr. Cura Párroco de Santa María de Luou.

5 — O aquí asinante parte do suposto de que as familias están conformes coa actuación de cara a que os finados poidan recibir sepultura co agarimo dos seus deudos.

Dado en Santiago de Compostela, a dezaseis de setembro de dous mil vinte e cinco.

José Andrés Fernández Farto,
Vicario Xeral – Moderador de Curia